

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE XUÑO DE 2020.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL,
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ (quen se incorpora á sesión logo de tomar posesión como concelleiro no punto 2 da orde do día)

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 05/06/2020.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión extraordinaria celebrada en data 5 de xuño de 2020, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión extraordinaria celebrada en data 5 de xuño de 2020, sendo aprobada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria celebrada en data 5 de xuño de 2020.

2.-TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELEIRO DE DON ABRAHAM SEIJAS GONZALEZ

A continuación, con permiso da Presidencia, intervén a sra. Secretaria Xeral do Concello de Culleredo e di que a Xunta Electoral Central remitiu á Secretaría a credencial de Don Abraham Seijas González por estar incluído na lista de candidatos achegada polo partido socialista de Galicia ás eleccións locais do 26 de maio de 2019 en substitución por renuncia de D. Diego Antonio Taibo Monelos, e que o sr. Seijas González deu cumprimento na Secretaría da Corporación ás obrigas de formular as correspondentes declaracións de causas de posibles incompatibilidades e de bens.

Seguidamente sube ao estrado Don Abraham Seijas González, quen procede á lectura da fórmula de promesa manifestando que promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Culleredo con lealtade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Rematada a lectura, toma posesión como Concelleiro da Corporación Don Abraham Seijas González e se incorpora á sesión.

Seguidamente intervén o sr. Alcalde e lle dá a noraboa ao Sr. Seijas González polo nomeamento e lle di que agardan en nome da Corporación Municipal que o seu traballo nesta lexislatura sexa a prol do interese dos veciños e veciñas do Concello de Culleredo; que máis alá do grupo municipal ao que pertence a premisa principal dun concelleiro debe ser velar por ese interese e, como veciño deste Concello e nado nel, reúne todos os requisitos para defender o mellor posible os intereses desta comunidade, deste Concello e sobre todo dos seus habitantes. O sr. Alcalde dalle os seus parabéns e lle desexa unha lexislatura moi tranquila.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SUA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR RELATIVA ÁS TERRAZAS DOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP n° 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día da moción do grupo político do Partido Popular de data 13 de maio de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

O sr. alcalde dalle o uso da palabra á sra Concelleira García Gorostizu, quen unha vez concedido di que desde o seu grupo municipal desexa felicitar a entrada do sr. Concelleiro Seijas González e que seguro que fará todo o posible polo concello de Culleredo e polos seus veciños; di que quere aclarar que esta moción foi achegada a principios de

maio cando Galicia entraba na fase 1, que finalmente ese mes non houbo pleno telemático e non se puido defender e por iso vén a este pleno de xuño e que por iso quizais a exposición de motivos estea un pouco desfasada.

De seguido, procede á lectura da moción, que literalmente di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN ÁS TERRAZAS DOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA

O Grupo Municipal Popular no concello de Culleredo, de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A declaración do estado de alarma non só impuxo restricións na mobilidade das persoas, senón tamén a suspensión ou a limitación dun número importante de actividades sociais e económicas ante o risco para a saúde pública que supón a propagación do COVID-19.

Dentro dos sectores máis castigados por esta pandemia atópase o da hostalería, desempeñado por un amplo número de autónomos ou pequenas empresas que xeran moitas empregos no noso concello.

Estes establecementos hostaleiros estanse vendo privados de gran parte da súa facturación anual polo peche obrigado durante a Semana Santa e estes meses de primavera. Ademais, a gran maioría deben afrontar gastos operativos fixos, como os financeiros, de alugueiro ou tributarios, que comprometen seriamente a súa viabilidade económica.

No artigo 15 da “Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad” publicada no BOE do pasado 9 de maio establécese que naquelas unidades territoriais, como Galicia, ás que nos sexa aplicable á fase 1 poderán abrir ao público as terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalería e restauración limitándose ao 50% das mesas permitidas no ano 2019 en base a correspondente licenza municipal. Así mesmo, este precepto habilita aos concellos a permitir o incremento do número de mesas que lle correspondería a ese establecemento aumentando a superficie destinada a terraza, e con elo facilitando que se respecten as necesarias distancias de seguridade entre as cadeiras das mesas (de cando menos dous metros)

O noso concello non só debe ser áxil na resolución destes permisos, senón tamén dilixente informando aos titulares destes establecementos desta posibilidade normativa e da dispoñibilidade da administración local para a súa implementación ampliando as terrazas a zonas peonís ou de aparcamento, así como pechando determinadas rúas ao tráfico para dispoñer dun maior espazo para pasear e ubicar mesas, e así garantir a saúde de todos, que debe ser a nosa máxima prioridade.

Por outra parte, este concello no uso das facultades concedidas polas leis reguladoras das bases de réxime local e das facendas locais aprobou a ordenanza fiscal que establece unha taxa pola instalación de terrazas. Ante a caída dos ingresos destes establecementos, as limitacións de aforo e distancia xustificadas por motivos sanitarios e a fonda repercusión no emprego que ten este sector, non houbo outro momento máis xustificado que este para establecer unha exención do pago da taxa pola instalación de terrazas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Culleredo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. O concello de Culleredo modificará os espazos públicos dispoñibles que permitan incrementar o número de terrazas dos establecementos de hostalería e resolverá as solicitudes de permiso coa máxima celeridade posible.
2. O concello de Culleredo modificará a ordenanza de terrazas establecendo a exención excepcional do cumprimento da obriga tributaria derivada da aproveitamento e ocupación da vía pública aos establecementos hostaleiros durante este ano 2020 por motivo da pandemia do COVID-19 “

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo van votar a favor desta moción sempre que sexa para mellorar un sector que forma parte do Concello de Culleredo como é a hostelería e que entenden que non só se debe regular agora motivado pola época que se está a vivir senón que o tema das terrazas debe regularse agora e sempre; que o sector da hostelería é un sector importante dentro do tecido de autónomos e pequenas e medianas empresas do Concello de Culleredo, considerando que tamén hai que ter en conta a outros sectores de autónomos e pequenas e medianas empresas do Concello tales como o comercio, as froiterías, tendas de alimentación, talleres, etc., sen esquecerse tampouco dos pequenos autónomos adicados ao campo, a construción, etc.; pregunta como xa fixo noutras ocasións cando vai haber unhas bases para a axuda a autónomos e pymes de Culleredo, se están redactadas desde o Concello ou hai que agardar a que as poida redactar a Deputación da Coruña e recorda que dentro de cinco días será o un de xullo e quere saber se a partires desa data se vai deixar da man aos autónomos do Concello de Culleredo.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a proposta que se presenta neste punto non aporta nada novo pois xa existe unha ordenanza de terrazas e o que se propón xa se pode facer aténdose ao recollido na mesma pois permite ampliar superficies en zonas verdes adxacentes a locais ou ocupar prazas de aparcamento público, sendo difícil que se poida ocupar espazo público reservado a transeúntes ou outros usos públicos; que respecto da taxa o seu grupo entende que sería bo pedir un informe ao respecto pero él considera que en base á ordenanza correspondente xa se podería pedir unha bonificación do 50% da taxa pola ocupación de terraza pois, por exemplo, se antes se podían ter 10 mesas e agora só se poden colocar 5, xa coa Lei Tributaria se podería pedir unha devolución do 50% da taxa; que por estes motivos considera que non é necesario aprobar unha moción que xa aparece amparada na ordenanza e o que si pediría é que o goberno municipal estea máis áxil á hora de informar sobre esta posibilidade á hostelería no caso de que tivera razón no que vén de expoñer; que quere aproveitar a ocasión para dicir que desde que se levantaron as restricións hai cafeterías que o fixeron correctamente e non ocuparon mais alá do que establece a ordenanza de terrazas pero houbo outras das que non se pode dicir o mesmo; que o problema que Culleredo ten coas terrazas non é o que se recolle na moción senón o que xa se trouxo ao pleno noutras ocasións como é que hai veciños que están moi fartos dalgunhas terrazas; que o BNG xa pediu un informe ao Sr. Alcalde respecto ao incumprimento dalgunhas terrazas como en Anxel Senra onde moitos veciños acuden ao BNG e en concreto ao Sr. Chouciño para queixarse e pedir que se cumpra tanto a ordenanza de terrazas como a de rúidos, etc.; que o informe non lle chegou e non sabe se o motivo é que neste tempo non se puido facer pero que queren saber cantas denuncias hai dalgunha das cafeterías da zona da Cross que relaciona en particular no seu escrito porque considera que non é de recibo que a estas alturas se escoite falar na televisión a algún veciño dicindo que o ameazaron con partirlle as pernas pois isto sobrepasa todos os límites posibles e a non actuación do goberno municipal a e súa deixadez de funcións ocasiona conflitos veciñais, recorda que o Sr. Alcalde ten enriba da súa mesa un escrito metido por rexistro en xaneiro con 130 sinaturas pedindo unha entrevista para falar deste tema, cun detalle exhaustivo de todos os incumprimentos da ordenanza de terrazas que se están producindo en certas cafeterías, con rúidos, molestias, exceso de horario, xente que di que ten que entrar e saír das súas casas polo garaxe porque se atrancan totalmente os portais, non se exhibe o obrigado croquis que recolle a ordenanza onde se indica a que se ten permiso, cafeterías con máis de 90 cadeiras apiladas que vai moito máis aló do sentido común e do mobiliario que se pode ter para a terraza que lle corresponde; que insiste en que o goberno municipal o que ten que facer é obrigá-lo a que se cumpra a ordenanza de terrazas e informar ás cafeterías da posibilidade que teñen de ampliar as terrazas sempre que teñan espazo para iso e di que poden pedir unha ampliación da licenza ou pedir a devolución de parte da taxa cando corresponda; remata a súa intervención dicindo que polo exposto desde o BNG non van apoiar a proposta presentada neste punto.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o seu grupo entende a utilidade da moción pero tamén a temporalidade da mesma como a propia voceira do grupo político Popular expuso na súa intervención polo que consideran que debería ser retirada da orde do día do Pleno pois do contrario podería verse como un pouco oportunista; que para a ampliación dos espazos das terrazas creouse un equipo técnico formado por persoal da Policía Local, persoal de Medio ambiente e persoal da concellería de promoción económica, atendéndose telefónica e individualmente a cada persoa que dalgun xeito solicitaba a ampliación da terraza e pedía asesoramento, facéndose-lle visita para ver como se podían ampliar eses espazos sempre respectando os dereitos de todos os veciños e todas as normas sanitarias; que no caso en que a lexislación o permitía facíanse esas ampliacións sempre tendo en conta a última modificación da ordenanza de terrazas que como apuntou o Sr. Chouciño na súa intervención reformouse no ano 2017 e na que está prevista unha

ampliación coa ocupación máxima de 100 m2., non habendo a día de hoxe ningún local de hostelería en Culleredo que ocupe tal cantidade de metros pois a que máis ocupa ronda os 40 m2, polo que si era posible que aquelas terrazas que solicitasen a ampliación e cumprisen os requisitos tiveran a ampliación e nalgún caso como dixo o sr. Chouciño incluso había a posibilidade de ocupar prazas de aparcamentos públicos; que con respecto á taxa, que xa está cobrada, xa se pediu un informe ao servizo de Economía e Facenda para estudar a posibilidade de rebaixar esa taxa nun 50% e compensar así o tempo no que os hosteleiros non puideron abrir; que están postas as medidas para aprobar unhas bases de subvencións indirectas que é a forma que ten o Concello, de acordo coa Deputación, que leva ao Pleno unha incorporación de remanentes de 10 millóns de euros para repartir entre os 93 concellos da comarca, para axudar non só aos hosteleiros senón tamén a outros moitos autónomos e familias de Culleredo que están a atravesar problemas para afrontar os gastos que esta pandemia está a ocasionar; que dada a temporalidade e dado que moitas das cuestións que se propoñen xa están en marcha, o seu grupo non pode apoiar a moción proposta.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ten unha cuestión que non lle quedou clara na intervención da Sra. Pombo Carril e é se se vai bonificar ou non.

Responde a Sra. Pombo Carril dicindo que se está en estudo, á espera do informe dos técnicos do servizo de Economía e Facenda e que dirán se é viable e se se pode facer, e que se actuará en función do seu resultado.

Intervén de novo a Sra. García Gorostizu e pregunta se se sabe cando estará o informe de Economía e Facenda.

Responde a sra. Pombo Carril dicindo que está solicitado e que están esperando.

Intervén de novo a Sra. García Gorostizu e di que lle sorprende que noutros Concellos como no País Vasco, en Madrid, en Málaga, ou mesmo en Galicia na Coruña, en Lugo e outros informaron xa que van bonificar o imposto de terrazas e Culleredo unha vez máis tarda en dar unha resposta.

Responde a Sra. Pombo Carril dicindo que cando se dispoña do informe solicitado darase a resposta.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que hai Concellos que xa anunciaron a bonificación pero está sen conceder e como ben dixo a Sra. Concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE hai un informe solicitado pois ao seu grupo non lle parece xusto que no tempo en que a hostelería non puido abrir teña que pagar a taxa pero deben contar con ese informe favorable cando se trata dunha devolución ou unha bonificación e tratarán de dar esas axudas a traveso das subvencións que van tratar de articular en colaboración coa Deputación provincial para evitar o que pasa por exemplo no día de hoxe en Sada, onde se levan ao pleno informes desfavorables de habilitados nacionais e para evitar conceder bonificacións e despois ter que reclamar a súa devolución prefiren establecer un marco legal que asegure o resultado.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Popular, de data 13 de maio de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: doce (12) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: tres (3) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do grupo político Popular de data 13 de maio de 2020.

C.I.F. P-1503100-H

4.-PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á CREACIÓN DUN PLAN PARA REDUCIR A FENDA DIXITAL E DE APRENDIZAXE.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día da moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 19 de xuño de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, do seguinte tenor

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte moción en relación coa creación dun Plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O confinamento por COVID19 e a pechadura de escolas puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo. Trátase dunha situación excepcional e mundial que afecta a máis de 1.370 millóns de alumnos segundo a Unesco. En España, a pechadura de escolas e o confinamento de millóns de alumnos e alumnas nos seus fogares esíxenos unha resposta compartida entre o Estado e as Comunidades Autónomas para manter en funcionamento o servizo público educativo en igualdade de oportunidades para todo o noso alumnado.

O sistema educativo ten o deber e a necesidade de garantir a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, así como a equidade e a calidade educativa e facer así efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva o máximo das súas potencialidades.

A fenda dixital pode ser definida en termos da desigualdade de posibilidades que existen para acceder á información, ao coñecemento e a educación mediante o uso das TIC, sendo en consecuencia estas persoas marxinadas das posibilidades de comunicación, formación, impulso económico, etc., que a rede permite (Cabero, 2004).

A fenda dixital de acceso entre a infancia e adolescencia vulnerable é unha realidade, o 14% dos fogares con menores non teñen ordenador ou portátil, esa cifra elévase ata alcanzar o 30% en fogares de familias pobres. O 5,3% de fogares con menores non contan con internet, elevándose ao 13,6% nos fogares con menos recursos (Fonte: ECV-2018). A fenda dixital, convértese en fenda social, limitando a aprendizaxe do noso alumnado e xerando que a tecnoloxía sexa un elemento de exclusión e non de inclusión social.

Doutra banda, ademais da fenda dixital de acceso, está tamén a fenda de aprendizaxe, a cal provoca perda cognitiva e atraso que se acumula: a evidencia experta mostra que os períodos prolongados de "desconexión escolar", como poden ser as vacacións de verán, xeran unha perda de coñecementos e aprendizaxes que agrava a fenda cognitiva entre alumnado favorecido e alumnado socialmente desfavorecido (Berliner, 2009; Alexander et al o., 2007).

Pero esa fenda dixital de aprendizaxe no fogar é debida en moitos casos ás desigualdades culturais existentes de apoios e recursos familiares. De nada serve que consigamos que toda a poboación estea conectada si non a capacitamos para a utilización e interacción coas TICs pois estas son xa ferramentas básicas de intercambio de información e de formación no século actual.

A alfabetización dixital convértese así en elemento imprescindible para reducir a fenda dixital, social e de aprendizaxe como un "sofisticado repertorio de competencias que impregnan o lugar de traballo, a comunidade e a vida social, entre as que se inclúen as habilidades necesarias para manexar a información e a capacidade de avaliar a relevancia e a fiabilidade dos que se busca en internet" (MECD e a OCDE, 2003, 80).

Doutra banda, a fenda dixital e de aprendizaxe acrecéntase para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, de forma que á segregación que sofren as persoas polas súas condicións persoais, incorpórase a discriminación introducida pola tecnoloxía, xa que logo estamos na obrigação de darlles unha resposta o máis personalizada posible, respondendo ás súas necesidades e dotándolles de todos os medios necesarios para que

poidan aprender en igualdade de condicións que o resto do alumnado, garantindo así a equidade e a calidade do sistema educativo español.

Así mesmo, a situación que estamos enfrontando esixe pensar e prever para o futuro, deseñar protocolos para que nun hipotético futuro o noso sistema estea preparado para abordar unha pandemia ou calquera outra circunstancia que esixa a pechadura física dos centros educativos.

No caso concreto do noso Concello, a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible (EDUSI), CulleredoVivo constitúe a base sobre a que o Goberno Municipal prevé de aquí a 2023 *converter Culleredo nun municipio cun alto nivel de penetración e uso das TIC's, facilitando o desenrolo de infraestruturas e a adquisición de competencias dixitais pola cidadanía que melloren a competitividade territorial, ata alcanzar o concepto de Culleredo cidade Smart* co obxecto de avanzar hacia un modelo de concello intelixente, implementándose a creación dunha ampla rede de puntos de acceso dixital e unha plataforma de aplicacións de administración electrónica entre os cidadáns, colectivos, empresas e a administración local.

Conta cun orzamento de 376.806,53 €, que sen dubida contribuirá a facilitar o acceso a oportunidades de aprendizaxe e a medios educativos de alta calidade dos cidadáns culleredenses, con independencia das súas circunstancias particulares, superando impedimentos sociais e materiais.

Por outra banda, o Concello fomentou a inversión das operadoras privadas de telecomunicacións no despliegue da rede de fibra óptica en distintas zonas do municipio, prestando a máxima colaboración técnica e administrativa para facilitala.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

Moción:

O Concello de CULLEREDO insta á Xunta de Galicia a:

A) Aprobado un Plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a superar as desigualdades existentes garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo, asegurando a continuidade educativa a distancia do noso alumnado para que siga aprendendo nas mellores condicións posibles.

Concretamente, devandito Plan deberá incluír:

1. O impulso dun grupo de traballo que analice a situación actual en relación coa fenda dixital e de aprendizaxe que existe nos centros educativos da Comunidade autónoma.
2. O deseño e posta en marcha, atendendo ao seu respectivo nivel competencial, de programas de radio e/ou dunha TV educativa con canles en aberto que ofrezan unha formación adecuada ás distintas etapas educativas para zonas sen Internet ou sen televisión por cable, dando cobertura así ao alumnado sen ordenador nin conexión.
3. Propostas de acordos coas empresas de telecomunicacións, así como educativas e a UNED para eliminar ou reducir ao máximo o custo de acceso aos recursos educativos online que potencien a utilización de plataformas, a escola virtual a distancia, como vías para que o alumnado poida avanzar ao seu propio ritmo de aprendizaxe.
4. Traballar en colaboración co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que o Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración (PEGA-NGA) que prevé axudas para as zonas onde non hai cobertura se implemente canto antes propiciando que o 100% da poboación en España teña acceso a internet.
5. Coordinar actuacións para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe co obxectivo de:
 - a. Adoptar as medidas necesarias para que o alumnado que o necesite acceda a axudas específicas que lle permitan obter un dispositivo persoal con conexión á rede que poida utilizar no seu fogar para o seu proceso de aprendizaxe.
 - b. Poñer en marcha un plan especial de formación para os docentes en capacitación TIC sobre metodoloxías de ensinos activos a través de ferramentas de aprendizaxe a distancia.
 - c. Poñer en marcha accións de formación dirixidas ás familias e outros axentes da comunidade educativa co obxectivo de formarles en competencia dixital e ser máis eficaces no uso das TIC, e así servir de apoio na aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

- d. Contribuír a activar redes de voluntariado educativo: non presencial, vía telemática ou telefónica. Consistiría en prestar axuda e asesorar ás familias co fin de axudar para afrontar retos didácticos específicos: idiomas, matemáticas, ciencias, hábitos, etc.
- e. Capacitar dixitalmente e potenciar a acción de todos os servizos educativos de apoio (orientación, educación especial, psicopedagogos, logopedas, outros técnicos, servizos sociais ...) en contacto e a disposición do centro/zona escolar e de todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- f. Elaborar un protocolo de actuacións educativas ante calquera posible suspensión da actividade presencial e por motivos de excepcionalidade, alarma ou urxencia."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que en xeral, polas mocións que se están a levar no día de hoxe á sesión, nótase que están próximas unhas eleccións autonómicas; que o grupo político Alternativa dos Veciños está a favor das novas tecnoloxías e a favor da era dixital pero hai que empezar polo Concello de Culleredo e mellorar a páxina web e a sede electrónica para que sexa máis intuitiva e máis próxima aos cidadáns; que o equipo de goberno ten razón cando di que a fenda dixital pode ser definida en termos de desigualdade de posibilidades que existen para acceder á información. Remata a súa intervención anunciando que o grupo Alternativa dos Veciños votará a favor desta proposta porque espera que contribúa á igualdade de oportunidades da cidadanía cullerdense, desde a comunidade educativa aos autónomos, pymes, familias, etc.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que a proposta de acordos que hoxe presenta o PSOE lles parece adecuada e sen dúbida necesaria pois fixo falta que chegara unha pandemia para que se abran os ollos ante as fendas polas que entra auga no sistema educativo público; que quedaron en evidencia os continuos recortes en persoal e en medios nas aulas públicas, a falta dun plan de formación e actualización continua do profesorado, a incapacidade para reaccionar por parte dos responsables políticos en materia educativa aínda hoxe e, por suposto, a falta de medios e políticas detrás da tan cacarexada dixitalización das aulas galegas por parte da Xunta de Galicia sendo os recortes os que están a afundir o sistema educativo público galego; di que, ao igual que fixo o BNG, poderán preguntarlles aos alumnos e ás nais e pais como viviron estes meses de escolarización na casa a través de medios dixitais que moitas veces axustáronse só a deberes que chegaban por e-mail ou por outros medios e que os pais e nais asumían o desenvolvemento das leccións que moitas veces incluso quedaban sen avaliar; que desde o pasado mes de marzo quedou máis en evidencia que nunca que a accesibilidade á educación pública non é igual para todas e todos e que non cumpre co rigor e calidade esperados; que máis aló destas reflexións lle sorprenden aspectos da exposición de motivos desta moción que cando menos chirrían cando se pasa da xeneralidade coa que están escritas ao caso específico de Culleredo pois o equipo de goberno fala do deseño e posta en marcha de programas de radio ou dunha televisión educativa con canles en aberto que ofrezan unha formación adecuada ás distintas etapas pero por exemplo respecto de Radio Culleredo haberá veciños que hoxe están seguindo esta sesión que non saiban nin sequera que Culleredo ten unha radio, 101.2 da FM, podendo probar a sintonizala e pedindo que non se sorprendan se non escoitan nada porque a cobertura da súa sinal non chega a unha gran maioría do territorio do Concello.

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e pregunta se ao equipo de goberno non se lle ocorreu comezar con Radio Culleredo, que formatos e programas educativos se levaron a cabo durante a pandemia; di que o goberno municipal fala de traballar en colaboración co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que o programa de extensión de banda ancha de nova xeración se implemente canto antes propiciando que o 100% da poboación en España teña acceso a Internet; que ao goberno municipal non se lle ocorreu tampouco atender dunha vez todas as demandas que a veciñanza das parroquias rurais de Culleredo lles teñen reiterado unha e outra vez para ter acceso a banda ancha e pregúntase como se conectarían ás aulas durante estes meses os nenos e nenas, mozos e mozas de Orro, Bregua, Ledoño, Celas, Castelo e tantas outras; di que o equipo de goberno aproveita para facer publicidade dun proxecto dentro do EDUSI co nome "Culleredo ciudad Smart" que ten moito "brillibrilli" pero ningún contido, sen saber en que consiste, como se vai desenvolver e como se vai financiar e que debería estar licitado antes de final do ano 2020 e a día de hoxe, 25 de xuño, con maioría na Corporación, aínda non foron quen nin de presentar os orzamentos, falando o goberno municipal dun orzamento para este proxecto que nin está presentado nin está aprobado e máis aló destes puntos, sorprendentes alomenos na súa redacción, o BNG pretende ser construtivo para o desenvolvemento da veciñanza cullerdense e quere propoñer unha emenda de engadega á proposta para pasar da xeneralidade ao caso concreto do Concello de Culleredo e que de seguro

C.I.F. P-1503100-H

serviría para reducir a fenda dixital da que fala a proposta, proponendo o BNG ampliar a proposta cun punto b. que diga o que de seguido se transcribe:

“b. O Concello de Culleredo comprométese a incluír nos procedementos de contratación ou na revisión dos contratos vixentes en materia de telecomunicacións a valoración positiva de propostas que se comprometan de maneira expresa ao despregamento de fibra óptica por todo o territorio do noso municipio” e esperan que o poidan ter en conta e que o engadan na redacción da proposta.

Seguidamente solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que non sabe se darlle o pésame ao pobo de Culleredo nin en que basear este tipo de mocións pois van xa catro meses sen que haxa pleno ordinario e o equipo de goberno o primeiro que trae ao primeiro pleno ordinario tras o Covid non son os orzamentos nin os procedementos de contratación pendentes senón dúas mocións do PSdeG de Galicia que o único propósito que teñen é ser usadas como pandereta para as vindeiras eleccións autonómicas de Galicia, dúas mocións que, como ben dixeran nas súas intervencións os concelleiros tanto de Alternativa dos Veciños como do BNG, non teñen cabida no Concello de Culleredo; di que o Partido Popular leva desde o mes de setembro do 2019, xa co anterior voceiro, o Sr. Antonio Cañas, solicitando que se colabore coas empresas de telecomunicacións para levar a fibra de alta velocidade a todas as aldeas de Culleredo, sendo a resposta do Concello sempre a mesma, que están niso, que xa se tiveron reunións, pero non se avanza, non hai recursos pese aos moitos escritos dos veciños, e agora pretenden sen atender o relativo a Culleredo instar á Xunta a embarcarse nun programa leonino que non está concretado e que serve unicamente como abanderada do Sr. Caballero sen darse conta de que os informes avalan a xestión da Xunta de Galicia en materia de Educación; que falan de recortes e de brechas cando a realidade é que as taxas universitarias levan anos conxeladas; que el é novo e pode dicir que recorda as taxas universitarias de Dereito como as máis baratas de toda España.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que a moción recolle que “Por outra banda, o Concello fomentou a inversión das operadoras privadas de telecomunicacións no despliegue da rede de fibra óptica en distintas zonas do municipio”, preguntando en que zonas o Concello colaborou coas empresas de telecomunicacións e en caso afirmativo cal é o expediente de contratación sobre esta materia; que por outro lado, como xa se comentou noutras ocasións, Culleredo ten unha páxina web que non funciona, unha sede electrónica que é imposible traballar con ela, e agora fala de brecha dixital sen mirar os seus propios zapatos; que están pedíndolle apoio á Xunta cando non son capaces de mirar para o seu e parecéndolle alucinante que despois de catro meses sen convocar ningún pleno ordinario o que traían agora sexa este esperpento, pretendendo que o seu propio partido chegue á Xunta de Galicia cando no propio Concello a páxina web cae cada dous días e non foron quen de celebrar un pleno electrónico; di que os informes Pisa avalan a xestión da Xunta e que os alumnos de Galicia están por riba da media do resto de España e indica que ao grupo ao que pertence non lle importa apoiar calquera moción presentada por calquera grupo que favoreza á veciñanza de Culleredo pero non este tipo de mocións que carecen completamente de sentido.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que neste sentido o máis honrado é recoñecer cando un ten algunha carencia e do que falan é de implementar un sistema que rompa co que está a pasar no Concello de Culleredo e investir cartos nesta materia; que hai que redactar un proxecto, unhas bases e licítalas para estudar cal é a situación real e a competencia á que pode chegar o Concello de Culleredo pois ningún concello ten competencia para o despregamento da fibra óptica senón que teñen que ser o Estado e a propia Autonomía e que teñen que pedir ás institucións que son competentes nesta materia que teñen en conta esta situación; que ata o de agora todo o mundo coñecía a situación existente pero nos catro meses do estado de alarma sufriuse de forma clara pois en moitas zonas non chegaba a banda ancha e moitos nenos e nenas tiveron dificultades para seguir a súa formación reglada; que as competencias en materia de Sanidade e de Educación non son do Concello senón da Comunidade Autónoma que está nas mans do Partido Popular e que quedou claro coa exposición de motivos que vén de facer o Sr. Prieto García que a Educación non lle interesa ao Partido Popular pois do contrario non se entende en que lle pode rechinar unha moción deste tipo, de gran interese para os grupos progresistas como poden ser o BNG ou o PSOE que apostan por unha educación pública de calidade.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que respecto da emenda presentada polo BNG o seu grupo está de acordo en incluír un texto na exposición de motivos pero non na conclusión final da moción que vai dirixida á Xunta de Galicia e debe quedar como está, reflexando exactamente cal é a situación real de Galicia e que por contaxio lles poida beneficiar a todos; que respecto do despregamento da fibra óptica no Concello di que hai moitas parroquias que antes non tiñan fibra óptica e que hoxe a están a ter precisamente polas conversas que mantén o goberno municipal cos distintos operadores e facilitándolle o máis posible a súa labor para que poidan despregar a fibra óptica; di que el sabe perfectamente onde hai e onde non hai fibra óptica no Concello e sabe onde están estudando

e onde están solicitando a través dos fondos que dá o Estado; di que ata hai moi pouco unha parroquia como Almeiras e lugares como Liñares carecían de despregamento de fibra óptica e precisamente durante o estado de alarma Almeiras por exemplo tivo despregada a fibra óptica e isto, por contaxio, vaise cara a Liñares e outras zonas, sendo lamentable o que está a pasar coas telecomunicacións deste país, que non están en mans públicas senón que están en mans privadas e ao final pagan o prezo de ter vendido empresas de telecomunicacións que deberían dar servizos a toda a cidadanía e que se rixen por criterios económicos; que a intención do goberno municipal é colaborar e investir en poder despregar fibra óptica por todo o Concello para que chegue a toda a cidadanía; que os concellos teñen as competencias que teñen e a Xunta de Galicia, como goberno central, ten que facer autocrítica e darse conta de que non se está preparado para afrontar unha situación como a que se presentou de sorpresa e di que a partir deste momento o que pase xa non vai ser de sorpresa.

De seguido solicita o uso da palabra o sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido di que lle quere responder ao concelleiro do Partido Popular que non inventan os recortes, que simplemente falan da educación pública obrigatoria en dez anos do goberno do sr. Feijoo; di que é moi fácil botar a conta por un lado e polo outro, por un lado 2.000 millóns de euros en recortes tanto en medios como na redución da reposición do funcionariado e por outro lado porque eses cartos aumentaron as contas de resultados das empresas de educación privada a través de convenios con esas empresas; por outra banda vendo as mocións e as propostas que fan hai un punto destinado á Xunta de Galicia e di que por eso a súa proposta non vai nese punto senón que sería un punto b no que os concelleiros teñen a oportunidade ao aceptar esa emenda en dar un paso no seu compromiso, di que probablemente saiban onde non hai fibra optica e pregunta se saben o que é non ter fibra óptica, se sofren non tela e di que a eles lles chegan moitos veciños reclamando e decíndolles as consecuencias de non tela e por iso cren que se acepta a emenda sería un avance dentro das competencias municipais para o compromiso co despegue da banda ancha en todo o territorio.

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente solicita o uso da palabra o sr. Prieto García, quen unha vez concedido, di que lle chama a atención que o alcalde fala de botar balóns fóra e facer autocrítica pero el na casa non o ve pois por unha parte di que o Concello non ten competencias en materia de telecomunicacións e sen embargo tamén di que zonas como Liñares, Culleredo, Almeiras e Sésamo teñen fibra óptica grazas a que él negociou e falou coas empresas de telecomunicacións; que tamén dixo o Sr. alcalde que o PP puxo as grandes empresas de telecomunicacións en mans privadas, dicindo o Sr. Prieto que aí é onde están case todos os ministros, en empresas privadas con portas xiratorias e que está moi mal que aí haxa moitos do Partido Popular pero a gran maioría son do Partido Socialista polo que considera que o Sr. alcalde non pode vir á sesión criticar iso; que por outro lado fálase da defensa de Culleredo e de que van facer, dicindo que o problema é que no Concello de Culleredo non se deixan de facer cousas pero nunca se executan e todo se vai facer pero levan parados moitos anos e xa non quere falar de cousas de índole maior pero no referente ao ABC de mantemento, de calzadas que están feitas polvo, dille ao sr. Alcalde que non son capaces de sacar nada adiante.

Responde o sr. Alcalde dicindo que non van a aceptar a emenda dentro da proposta e di que queda bastante claro que o Concello está facendo un esforzo nese sentido na exposición de motivos e di que a moción vai quedar tal cual.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 19 de xuño de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezoito (18) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: tres (3) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereja e Prieto García,

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción de data 19 de xuño de 2020 que devén en acordo nos termos transcritos.

5.-PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á TRANSFERENCIA AOS CONCELLOS POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA DUN FONDO EXTRAORDINARIO PARA A CONTENCIÓN DO COVID-19 E A RECONSTRUCCIÓN SOCIAL DE GALICIA (RE-GALICIA 2021)

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día da moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 19 de xuño de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte moción en relación á TRANSFERENCIA AOS CONCELLOS POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA DUN FONDO EXTRAORDINARIO PARA A CONTENCIÓN DO COVID-19 E A RECONSTRUCCIÓN SOCIAL DE GALICIA (RE-GALICIA 2021).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o 14 de marzo se declarara o estado de alarma no conxunto de España, como medida de loita contra a expansión da pandemia orixinada polo coronavirus COVID-19, tódolos niveis administrativos do Estado (Goberno, comunidades autónomas, deputacións e concellos) asumiron tarefas extraordinarias que se centraron inicialmente no plano sanitario e ampliadas logo ao plano laboral, social, científico, educativo, etc.. Baixo o estado de alarma e emerxencia sanitaria, as medidas de confinamento e limitación da actividade e mobilidade conseguiron, con moito esforzo e grazas á implicación da cidadanía, frear os contaxios, dobregar a curva e iniciar o camiño de desescalada cara á nova normalidade, no que actualmente nos achamos.

No caso dos concellos, o seu traballo foi especialmente destacable, pois tiveron que afrontar a xestión a pé de rúa dunha situación que, de seguro, é a máis complexa á que se enfrontaron no actual período democrático. Nas súas costas recaeu en boa medida a aplicación dos protocolos de seguridade nos espazos públicos, a atención ás persoas máis vulnerables a través dos Servizos Sociais Municipais, o refuxio das sen teito, a atención a autónomos e diversas medidas de axuda e pulo do comercio e a economía local.

Iniciativas locais que se teñen incrementando nesta fase de desescalada, na que todas as corporacións municipais están asumindo importantes gastos extraordinarios derivados da adaptación ás normas estatais e autonómicas que rexerán a nova normalidade: afondamento na administración electrónica, reformas de calado nos edificios municipais para adaptar oficinas e espazos de atención ao público, estritos protocolos de desinfección dos espazos públicos (parques, prazas, áreas de xogo infantil...), incremento notable no número de usuarios/as dos servizos sociais, aplicacións e campañas de apoio ao comercio e á hostalería, adaptacións de infraestruturas deportivas e centros de ensino, novas fórmulas de conciliación para as familias, reprogramación de toda a actividade cultural e festiva, especialmente do verán, etc.

Necesidades de investimento ás que se engaden situacións particulares, por exemplo, dos concellos que contan con praias, piscinas e zonas de baño fluvial, que deben afrontar tamén importantes desembolsos para adaptalas á nova situación e garantir a saúde dos usuarios/as. Situación ante a que algunhas comunidades autónomas, incluso algunha gobernada polo Partido Popular, como a Junta de Andalucía, xa anunciaron investimento de ata 24 millóns de euros á contratación, mediante convenios cos concellos, de persoal para prestar apoio nos areais.

Un incremento notable dos gastos que deben combinar cos escasos recursos económicos, medios materiais e competencias que caracterizan aos concellos galegos, os que cotan con menos ingresos por habitante de todo o Estado, ata un 50% menos que os concellos vascos ou cataláns; capacidade de gasto ordinaria que se verá aínda máis diminuída nos vindeiros meses pola previsible diminución nos ingresos derivada da menor actividade económica. Consciente de todo isto, o Goberno de España ten anunciado e aprobado nas últimas semanas diversas

medidas de apoio directo e indirecto aos Concellos, como o desbloqueo de 300 millóns de euros do superávit das entidades locais para actuacións de protección e promoción social, que non computará na regra de gasto; superávit e remanentes municipais, retidos pola chamada Lei Montoro do Partido Popular, sobre os que o Goberno está a negociar coa FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) o xeito de desbloquealos e poñelos a disposición dos concellos; outros 300 millóns de euros para garantir a asistencia a domicilio das persoas dependentes; 17 millóns, só en Galicia, do Fondo Social Extraordinario para servizos sociais; 1,9 millóns de euros en bolsas comedor para 13.766 nenos e nenas galegos/as, etc.

Mención aparte merecen os recursos económicos mobilizados polo Estado para axudar ás Comunidades Autónomas, como adianto de 2.800 millóns de euros dos pagos a conta, 1.000 millóns a través do Ministerio de Sanidade para atender os gastos sanitarios extraordinarios, e, sobre todo, o chamado Fondo Especial para a Reconstrución, que inxectará a fondo perdido 16 mil millóns de euros nos orzamentos da Comunidades, entre elas, obviamente, a Xunta de Galicia, que o único que ten comprometido cos concellos nos últimos meses é un adianto do Fondo de Cooperación Local, é dicir, dos cartos que xa son dos concellos; ademais de ideas e ocorrencias absurdas, con menos percorrido que a credibilidade de Alberto Núñez Feijóo, como o sistema de cita previa mediante códigos QR para asistir ás praias, ou delimitación de núcleos de poboación de menos de 5.000 habitantes no centro das cidades galegas, ás que se poderían engadir despilfarros de recursos públicos como o reenvasado de máscaras cubrebocas para pórilles o logotipo da Xunta ou o estudo de seroprevalencia duplicado, co que o PP pretendía competir co Ministerio de Sanidade e que tivo que ser abandonado de facto antes de rematarse pola súa escasa fiabilidade.

C.I.F. P-1503100-H

No que atinxe a este Concello, o Goberno Municipal adoptou todas as medidas o seu alcance e dentro do seu ámbito competencial necesarias para loitar contra os efectos da pandemia e entre elas: axudas económicas e sociais a persoas, familias e colectivos vulnerables, apoio as nenas e nenos en idade escolar, medidas extraordinarias de limpeza e desinfección de viales, espazos e locais de uso público, de efectivo cumprimento das medidas de protección e distancia social previstas pola lexislación do estado de alarma, e aprazamento de taxas e tributos propios, e de fomento do teletraballo entre os empregados municipais, entre outras.

É o momento de que Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e axude aos concellos, que nesta situación, máis do que xa é habitual, están asumindo competencias da Comunidade Autónoma, para non deixar aos seus veciños e veciñas abandonados e, transfira ás entidades locais fondos extraordinarios, incluíndo parte dos recursos que perciba en virtude do sinalado Fondo Especial para a Reconstrución que impulsa o goberno de España.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PsdeG-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de CULLEREDO acorda instar á Xunta de Galicia a transferir aos 313 concellos de Galicia e ás 4 deputacións provincias recursos a través dun Fondo Extraordinario de Respaldo aos Concellos e Administración Locais para a Reconstrución Social de Galicia pola Covid-19, que acade os 300 millóns de euros e que se distribúa cuns criterios de reparto acordados no seo da FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias)."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que se nota que están en época electoral, que se trata dun toma e daca, que a Xunta de Galicia lle solicita ao goberno central e os concellos a través da Fegamp solicitanlle á Xunta de Galicia; que Alternativa dos Veciños de Culleredo van votar a favor desta moción xa que están a favor da reconstrución social de Galicia e de Culleredo pola COVID 19.

A continuación solicita o uso da palabra o sr. Mendez Mosquera quen unha vez concedido di que esta proposta lles parece unha iniciativa axeitada aínda que novamente recae na autoloubanza da xestión do goberno municipal cando a día da data nin os representantes públicos nin a propia veciñanza coñecen as cifras reais do investimento do

12 de 70

concello para a contención das consecuencias reais e sanitarias do Covid 19; di que as administracións locais están a asumir investimentos e servizos non contemplados inicialmente na súa función como primeira barreira de contención sendo estas administracións as máis próximas á veciñanza; que lles sorprende sen embargo, que pasen por alto nos acordos propostos o papel que exerce a Administración Central do Estado, di que son todo autolubanzas na exposición de motivos cando saben que todavía non se deron os pasos para a derogación da chamada Lei Montoro creada polo Partido Popular e cuxa vixencia mantén o goberno de coalición PSOE -PODEMOS; que se ten falado moito neste órgano da importancia da derogación desta lei pero que os colegas de Madrid nin os escoitan nin os queren escoitar; di que para que a Administración local poida despregar a súa capacidade de actuación é fundamental a derogación da lei Montoro, lei orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira xa que recolle tres regras fiscais que o que fan é priorizar o pagamento de débeda aos bancos fronte a novos servizos e bens para a veciñanza, unha lei que deriva da modificación do artigo 135 da Constitución que fixeron no 2011, que pactaron o PSOE e o PP; di que sen a derogación desta norma e mentres se siga priorizando aos bancos por riba da xente as posibilidades de actuación das diferentes administracións veríanse moi minguadas, quedarían en actuacións de beneficiencia e por todo isto lles gustaría propoñer como adenda a engádegas de dous puntos a maiores do que espuxeron e que serían :

Punto 2 : Instar á Fegamp e á Xunta de Galicia a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.

Punto 3: Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear fondos municipais.

Remata a súa intervención dicindo que esperan que poidan ter en conta estos puntos e incluílos na redacción da súa moción.

A continuación, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que outra vez máis ten un sentimento de decepción; que desde febreiro non se convocou un pleno ordinario e que no día da data, no primeiro pleno a celebrar despois de catro meses as dúas mocións que achega o grupo municipal do PSdeG-PSOE son mocións que envían desde Santiago e que non teñen nin o coidado de modificalas e de adaptalas ao Concello de Culleredo, mocións que se refiren tamén a concellos de praia e piscina; pregúntalle ao sr. Alcalde se coa que está caendo o seu grupo de goberno non ten propostas propias, se non cre que hai moito traballo por facer, orzamentos, plan xeral, contratos; que se o escenario é o que é e el non trae nin unha soa proposta para Culleredo; que o grupo popular dubida se ao sr. alcalde lle preocupa Culleredo ou se está demasiado disperso con tantas responsabilidades políticas noutras administracións; que lles preocupa que non estea centrado e di que sería entendible porque ao cargo de alcalde tamén hai que sumarlle o da Deputación, o do Consorcio de As Mariñas, membro do Eixo Atlántico e agora tamén conselleiro en Edar, na empresa municipal de augas residuais; que se pregunta se vendo o panorama de Culleredo non sería mellor que se centrase un pouco máis no concello; di que é moi decepcionante que co espazo que lles deixaron encher durante o estado de alarma cubríranse tan só tres cousas porque houbo moitas propostas pero botaron en falla unha medida económica para pymes e autónomos, unha medida de baixada de impostos propios e unha partida orzamentaria para promoción pública de vivendas municipais en aluguer; que estas medidas se tomaron noutros concellos veciños e que neste concello non se viron e se botaron en falta . Di que se critica o envasado das máscaras da Xunta e se pregunta como se repartiron en Culleredo as máscaras polo comercio local, canto lle toca a Culleredo nese reparto de fondos de 300 millóns para as Deputacións e para 313 concellos; di que critican a lei Montoro pero que grazas a ela se conseguiu unha estabilidade orzamentaria e reducir o déficit público ao 2,5 %; que coa aplicación desta lei as Comunidades Autónomas foron reducindo o seu déficit de maneira progresiva e que houbo concellos que chegaron a ter superávit orzamentario; dille ao sr. Alcade que están case en xullo e non hai orzamentos e pregúntalle para que quere que lle deixen usar ese superávit sen control se non hai orzamentos, se é para colocar medidores de temperatura como os que ten na porta do Concello e que non funcionan.

A continuación intervén o sr. Alcade que di que agradece o apoio á moción do BNG e que pensa que comparten sentimento ao pensar que se houbo unha lei que califican todos de inxusta é a lei Montoro e pensa que a deberían derrogar pero di que ás veces as negociacións non son fáciles en Madrid para tomar este tipo de iniciativas e a situación económica tamén é unha incerteza porque non saben cara onde van ir; que ao que dixo a Sra.García Gorostizu hai que engadirlle que tamén é membro da Comisión de Facenda da Federación Española de municipios e provincias e dille que todos os alcaldes e alcaldesas independentemente do partido ao que pertencen están completamente de acordo en que non se poden utilizar os remanentes ou superávits das administracións locais cando cada vez máis e sobre todo en Galicia atribúenselles competencias que non son deles e que ademais non se

lles dota de financiamento; que non van recoller a emenda do BNG pero que quere que conste en acta que recollen o que o BNG lles di, ese sentimento de todos os alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras independentemente da formación política á que pertencen. Di que a súa proposta é moi sinxela, que con que lles deixaran usar un terzo dos remanentes sería suficiente e os outros dous terzos deberían quedar para posibles eventualidades que puideran ocorrer; volve agradecer as emendas pero di que neste caso por ser e cara a onde vai dirixida a moción consideran que non teñen cabida na mesma aínda que as compartan; que a política do Partido Popular pode ser moi clara en Galicia, moi respectable aínda que non a compartan; que o PP fai política dunha forma e que eles farían política a nivel autonómico doutra forma; que hai administracións autonómicas que están redistribuíndo estes fondos entre os concellos dunha forma equitativa respondendo á factores como a poboación, a delimitación xeográfica e outros moitos como poden ser a industria, e que o PP os quere xestionar todos pero non se sabe para qué, nin onde os van a investir; que pensa que a forma máis directa que teñen neste momento para axudar aos concellos sería que estos fondos, como di a moción, se redistribuíran en Galicia entre todos os concellos e así o reivindicar, e que queren ser os propios concellos, como se fixo noutras épocas como por exemplo cos gobernos do Sr. Zapatero ou do Sr. Rajoy, os que decidan a utilización e investimento deses fondos neste caso para loitar contra unha pandemia que non rematou e reitera que manteñen íntegra a moción.

Solicita o uso da palabra o sr. Mendez Mosquera, quen, unha vez concedido di que lle gustaría que constase en acta a súa sorpresa pola intervención da voceira do Partido Popular e lle pide que se poñan primeiro de acordo o propio grupo popular antes de pedirles aos demais que se poñan de acordo con eles porque mentres que están falando neste Pleno que rexeitan a lei Montoro o Partido Popular de Feijoo, de Casado, de Bárcenas, de Baltar ou de Rato, presentan mocións en centos de concellos facéndose pasar por adalides da derogación da lei Montoro e da independencia financeira e fiscal da administración local esixindo “el gobierno debe abandonar su intención declarada de tomar el control de los ahorros de los ayuntamientos, apropiación que supondría un atentado contra la autonomía local y financiera de los ayuntamientos”; reitera que lles pide que se poñan de acordo e que teñan un discurso polo menos homoxéneo; que por outra banda, agradece ao goberno local que estén de acordo con eles pero onde se toman compromisos é nos acordos das mocións e por moito que conste en acta a moción a presenta o Partido Socialista, o BNG fai unha proposta de emenda e o partido socialista aínda que está de acordo non a quere incluír nos seus compromisos; di que a moción é deles e que o equipo de goberno pode facer o que queira pero que presentaran outras mocións referidas a temas propios do Concello de Culleredo.

Seguidamente solicita de novo o uso da palabra a sra. García Gorostizu, quen, unha vez concedido, di que o que ten que facer o PSOE é solicitar ao Estado que os concellos poidan usar o superávit e os remanentes, é dicir, que non se quede con eles o Estado e que, se se van usar, se teña en conta que son ingresos que lles corresponden ás entidades locais e que están bloqueados polo Estado.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 19 de xuño de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezoito (18) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: tres (3) dos sres/as: , García Gorostizu, Rico Vereja e Prieto García,

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción que devén en acordo nos termos transcritos.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA Á SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DO ANTEPROXECTO DO VIAL -18

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión

na orde do día da moción do grupo político do BNG de data 19 de xuño de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, o Sr. alcalde concédelle o uso da palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido, quen procede á lectura da moción que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN

Con motivo da publicación no BOE do 9 de xaneiro de 2019, do expediente de Información Oficial y Pública del Anteproyecto “VIAL DE CONEXIÓN AC-14/AP-9 ENTRE LA AUTOVÍA AC-14 (ENLACE DE ZAPATEIRA) Y LA AUTOPISTA AP-9”, y su correspondiente Estudio de Impacto Ambiental, unha ampla representación da veciñanza afectada directamente polo trazado desta infraestrutura, así como diferentes grupos da Corporación, o Pleno Municipal e o propio goberno, presentaron alegacións amosando o seu rexeitamento a dito anteproxecto e solicitando a súa suspensión.

En moitas das alegacións presentadas facíase especial fincapé na omisión de parte do trazado intrínsecamente afectado por esta nova infraestrutura e que non se presentaba no anteproxecto. No documento “07_TRAZADO_v03”, páxina 13, apartado “7.12.2 COORDINACIÓN CON OTRAS ACTUACIONES”, cítase que o proxecto coordínase con actuación na zona e que no futuro afectan ao seu deseño, nomeadamente, o Proxecto de Ampliación de capacidade da AP-9, no tramo Elviña-A Barcala. É inexplicable que un proxecto desta envergadura, que busca ampliar “... la capacidad de autopista a tres carriles por sentido...” e máis adiante “...desde el enlace de A Corveira hasta el siguiente enlace, el enlace del área de servicio de O Burgo, se ha proyectado el trazado con cuatro carriles...”, que non se expoña completo para que a veciñanza poida ver os planos e as consecuencias deste trazado ao paso por toda a zona urbana de Culleredo. E establece que foi deseñado en 2008 e nunca exposto ao público.

As alegacións presentadas non obtiveron resposta. Mais o anteproxecto foi xa remitido polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana ao Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico, quen o recepcionou o pasado 4 de xuño de 2020, para a análise do Estudio de Impacto Ambiental. Xa en 2016, o Ministerio de Medio Ambiente declarou a terminación e arquivo deste anteproxecto por deficiencia na tramitación do Estudio de Impacto Ambiental e por térselle demostrado desde as partes alegantes que o Ministerio de Fomento non remitira xunto co proxecto, todas as alegacións presentadas e que determinaban o conxunto da información a ter en conta para a avaliación ambiental.

Na tramitación actual, tamén se descoñece cales foron as alegacións que, sendo presentadas diante do trámite de exposición pública ao Ministerio de Fomento, se poden ter remitido ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico. É de fundamental interese que este último teña constancia de todas.

É de fundamental interese que o Ministerio de Transición Ecolóxica saiba que non pode avaliarse seriamente o proxecto do VIAL-18 sen que estea acompañado do proxecto relacionado que en realidade, na práctica, é o principal, que é a ampliación da autoestrada A9 ao paso por Culleredo a 4 carriles por sentido. A idea a transmitir é que o VIAL18 forma parte dun todo que é a ampliación da autoestrada A9 ao paso por Culleredo e así debe contemplarse e avaliarse medioambientalmente.

Tamén se recoñece no propio proxecto cando establece que “No obstante, el funcionamiento correcto de la conexión con la AP-9 está condicionado a la ampliación de la capacidad de la Autopista, debiéndose realizar esta ampliación simultáneamente con la puesta en servicio del ramal de conexión y en todo caso antes del 2031 (año en el que se agotaría la capacidad)”

Ante o obscurantismo deste procedemento e en defensa das alegacións presentadas por veciñanza e representantes municipais, consideramos que é preciso reiterar e defender a opinión da veciñanza cullerdense fronte ao proxecto do Goberno do Estado.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Remitir ao Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico un escrito lembrando as alegacións presentadas polo Pleno e o goberno municipal ante o Ministerio de Fomento, e reiterando a solicitude de suspensión do anteproxecto, tendo en conta que non se presenta a totalidade da súa afectación, agravada pola ampliación de capacidade da AP-9 ao seu paso polo Concello de Culleredo.
- Requirir dese Ministerio, a relación da documentación que lles remitiu o Ministerio de Fomento ao respecto do proxecto.
- Publicitar nos medios de difusión do Concello de Culleredo esta información en canto se reciba. ”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra os Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que Alternativa dos Veciños de Culleredo sempre estivo e estará ao lado da veciñanza xa que desde o primeiro momento estivo disposto, e así o fixo, a colaborar cos veciños nas alegacións interpostas na supresión do vial de conexión 14 AC entre a autovía AC 14 enlace coa Zapateira e da autopista AP-9; di que esperan que as catro formacións PSOE, PP, BNG e Alternativa dos Veciños como membros do Pleno Municipal e como voz actual da veciñanza estean a traballar a reo pola defensa da veciñanza afectada por dito trazado e que a opinión da veciñanza cullerdense sexa escoitada dunha vez por todas polo goberno do Estado; di que insta ao goberno municipal para que aproveite a presenza do deputado no Congreso don Diego Antonio Taibo Monelos ex-concelleiro de Culleredo para que interceda ante o goberno central ante dito proxecto, pois no seu discurso de despedida ante todos no Pleno do día 5 de xuño de 2020, dixo que o seu obxectivo como concelleiro foi mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de Culleredo e dar o mellor de si mesmo; que hai unha frase que se lle quedou moi grabada dese discurso de despedida que é que en política hai que estar en primeiro lugar para defender os intereses de quen te elixiu e deixar para lugar posterior os intereses do partido e por último os intereses persoais, e é ben certo, (palabras ditas polo Deputado Don Diego A. Taibo Monelos no Congreso dos Deputados) que non hai mellor maneira de comezar a defender os intereses dos seus veciños en Madrid como é o vial 18.

A continuación intervéñen o sr. Alcalde que di que non teñen ningún problema en ratificar esa alegación que fixo o concello de Culleredo xa no seu día, en febreiro do pasado ano nunha análise minuciosa do que era o propio traxecto do vial 18, que non significou máis que abordar en seis páxinas todos os erros que tiña o proxecto do vial 18; di que o departamento encargado de estudar ese proxecto e de presentar as alegacións viu que se carecía do proxecto de impacto medioambiental que era preceptivo e nas alegacións o que solicitou foi que se revisara e se cancelara ese anteproxecto, rexeitando a actuación proposta, que textualmente dicía que tendo por presentado este escrito se admite se teñan realizadas en tempo e forma as alegacións que nel se conteñen fronte ao anuncio da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia sobre a resolución do Ministerio de Fomento pola que se aproba provisionalmente e se ordena a incoación do expediente da información oficial e pública do anteproxecto do vial da conexión AC 14 – AP 9 entre a autovía AC 14, Zapateira e a autopista AP 9 e o seu correspondente estudo de impacto ambiental aos efectos da lei 37/2015 de estradas e a lei 21/2013 de avaliación ambiental e as súas modificacións recollidas na lei 9/2018. Volve dicir que non teñen ningún problema en ratificar esta alegación que está perfectamente presentada en tempo e forma; di que precisamente esa obriga de publicación e de resposta veu motivada única e exclusivamente por esa alegación que se presentou desde o Concello de Culleredo e por reiterala non existiría ningún problema; que de todas formas todo o que está a pasar agora é precisamente por esa alegación que presentou o Concello de Culleredo en tempo e forma e pregunta se o que quere o BNG é que se ratifique a alegación.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido di que o que acaba de ocorrer é que o día 4 de xuño foi recepcionado polo departamento de Medio Ambiente e él pensa que non ten nada que ver coas alegacións que presentaron; di que o que están dicindo é que se na anterior tramitación houbo unha irregularidade que dou ao traste co avance do proxecto e que consistiu en que o Ministerio de Medio Ambiente dixo que Fomento non lle mandara toda a documentación, Fomento mandou o proxecto pero non mandou todas as alegacións que eran información determinante para validar todo o proxecto, entre outras cousas, porque facían referencia a isto que está a dicir de que o que o grupo municipal do BNG chama a mochila é o principal e non é o accesorio e explica que a mochila é a ampliación da AP-9 por Culleredo entre a área de servizo do Burgo e a Corveira onde estaba o enlace do vial 18; di que entenden que tendo un precedente no que a veciñanza foi recorrente e sacou á luz esa situación, que non se remitira toda a documentación ao Ministerio de Medio Ambiente desde Fomento, é totalmente oportuno volver a requirirle a Medio Ambiente e preguntarlle qué

documentación lle mandou e volver a mandarlle eles por se acaso e lle di ao sr. Alcalde que se iso é o que el quería dicir que entón si que están de acordo.

Intervén de novo o sr. Alcalde e di que é o mesmo dito de distinta forma; que a Demarcación presenta toda a documentación coas alegacións do Concello de Culleredo incluídas, que desde o Concello de Culleredo se detecta ese erro e cando se remite ao Ministerio toda a documentación, en concreto ao Ministerio para a transición ecolóxica, di que non teñen ningún problema en ratificar e en volver a mandar toda a documentación e di que polo tanto o seu voto é favorable; que no tocante á mobilidade da comarca, os plans de mobilidade da comarca están un tanto obsoletos e cre que deben xuntarse todas as forzas políticas e todos os concellos da área para facer un plan de mobilidade novo porque persoalmente lle parece unha auténtica aberración querer meter un cuarto carril na autoestrada do Burgo e facer desaparecer medio Concello sen ningún tipo de planificación e todo feito desde o google earth se lle permiten o atrevemento; di que en Culleredo hai unha comarca, unha poboación e unha idiosincrasia e moitos factores que inflúen e a mobilidade vai noutro sentido; que cre que polo exposto neste Pleno poden chegar todos a un principio de acordo para, polo menos, pedir un novo plan viario comarcal.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG de data 19 de xuño de 2020 , que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción que devén en acordo nos termos transcritos.

7.-PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN MATERIA DE EDUCACIÓN POR MOR DA SITUACIÓN DERIVADA DO COVID-19.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día da moción do grupo político do BNG de data 19 de xuño de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido concédelle o uso da palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen procede á lectura da moción do seguinte tenor:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN

A crise sanitaria, social e económica provocada pola COVID-19 fai saír á palestra as verdadeiras prioridades dunha sociedade e dun goberno.

Observamos con sorpresa e incredulidade como os responsabéis políticos atopan máis importante, necesario e urxente, planificar e dotar de normativa a celebración de verbenas e festas populares, que dar un ápice de seguridade á volta das nosas crianzas e da nosa mocidade aos seus centros educativos. Nestes momentos, as familias galegas descoñecen como voltarán as súas fillas e fillos ás aulas, se poderán facer uso do transporte escolar ou do seu comedor, se contarán coas mínimas condicións de seguridade sanitaria nos seus centros educativos, se non poderán acudir ao seu centro e o terán que facer a unha aula habilitada temporalmente, se terán que planificar a conciliación laboral diante da posibilidade de que as súas crianzas non volten físicamente ás aulas, se terán que mercar novos dispositivos electrónicos. As familias galegas, están a facerse estas preguntas mentres teñen que formalizar a matrícula escolar.

A situación en Culleredo adquire xa tintes dramáticos, diante do caos premeditado e alimentado pola Xunta de Galiza nos nosos centros escolares públicos. Lembremos que nos nosos colexios e institutos, xa ateguidos curso escolar tras curso escolar, cabe a posibilidade de que se teñan que procurar novos espazos para a habilitación de aulas. Lembremos que en Culleredo hai alumnos e alumnas que se están a ver forzados a cambiar de centro sen saber como está afectando o estado de alarma ao acondicionamento das súas aulas.

As familias de Culleredo, e as de toda Galiza, non contan con certeza algunha de como acodirán os seus nenos e nenas, á escola. E a Xunta de Galiza segue a priorizar outras “áreas de interese” fronte á educación pública.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Solicitar da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galiza, o deseño e a publicación inmediata dunha normativa específica para o retorno ás aulas dos centros de educación públicos do noso país, que asegure a impartición dunha educación de calidade con todas as medidas de seguridade precisas.
- Que se expoña xa á comunidade escolar representada no Consello Escolar Municipal de Culleredo por parte da representación da Consellería de Educación neste órgano, o que se teña avanzado ao respecto, para o que lle solicitamos unha convocatoria extraordinaria de urxencia do CEM por parte da presidenta, Concelleira de Participación cidadá, Educación e Medio Rural.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que lle gustaría que chegara o día en que a prioridade do Pleno fora Culleredo ao cen por cento e que non se utilizara a situación como o COVID para atacar a outras institucións como é a Xunta de Galicia; dille ao sr. Chouciño Garrido que ten todo o apoio do grupo municipal popular para esixirle á Xunta toda a información de cómo se vai desenvolver a volta dos alumnos ás aulas porque o PP, a diferenza do BNG, prima a Culleredo por riba das súas siglas; di que antes o sr. Concelleiro do BNG, o sr. Méndez Mosquera, lle dixo á voceira do Partido Popular que se puxesen de acordo antes de falar e explica que eles son concelleiros de Culleredo por riba de ser concelleiros do Partido Popular e que no caso da Lei Montoro están a favor de que exista porque senón o sr. Alcalde tería todavía máis cartos do superávit na súa man para utilizar de forma irregular; pregunta se non ven os informes da interventora e pregunta se o BNG quere ser cómplice do goberno municipal tamén; que pensa que lle hai que poñer freo entre todos e se teñen unha ferramenta legal teñen que empregala; que lle gustaría que entendesen que a Xunta de Galicia sempre lle tendeu unha man a Culleredo, que contan con multitude de centros dun grande nivel e cun profesorado excelente e pregúntalle ao sr. Chouciño, que sabe que falou cos centros educativos, se o nivel de ensinanza en Culleredo é malo; di que desde logo que lle deben esixir información á Xunta de Galicia relativa aos alumnos de Culleredo e que contará sempre co apoio do grupo municipal popular aínda que vaian contra o seu propio partido porque eles van defender aos alumnos de Culleredo e repite que o grupo municipal popular vai votar a favor desta moción e que a vai apoiar tanto o relacionado coa Xunta de Galicia como a loita eterna co goberno municipal para que convoque o Consello Escolar e remata a súa intervención dicindo que pensa que o vai ter máis fácil coa Xunta de Galicia que co goberno municipal para que saque adiante o Consello Escolar.

A continuación, solicita o uso da palabra a sra. Pombo Carril, quen, unha vez concedido di que eles tamén van votar a favor da moción, entre outras cousas, porque recolle a esencia da moción que eles mesmos presentaron no punto número catro e di que son coñecedores de primeira man das queixas que hai por parte dos centros e dos seus equipos directivos desa falta de directrices dende a Comunidade Autónoma que é a que ten a competencia en materia de educación; que se pode entender a dificultade engadida do COVID para ter en conta as especificidades de cada un dos centros pero que é certo que para iso se conta con equipos directivos, coas ANPAs, cos claustros de profesores, con consellos que son os que realmente coñecen as necesidades e as poden reflectir; di que o que está claro é que a educación é a principal prioridade que pode haber nunha sociedade e que esta crise abríulles os ollos e lles fixo ver a moitos as carencias que teñen pero que se avexa o curso 2020-2021 e que hai que establecer directrices de cómo se van utilizar os espazos, de cómo van ser os transportes, de cómo vai ser o comedor, de todas aquelas aulas que se poidan compartir ou non e di que quedan moitas cousas todavía por arranxar e que ela cre que pensando na colaboración da que falaba antes o sr. Alcalde lles toca a todos sentarse e coa parte que poida ter o concello, pero a principal é a da Xunta, establecer esas directrices porque se non vai acontecer o que falaban nas outras mocions; que o concello xunto cun elenco de voluntariado tivo que distribuír materiais entre máis de 200 familias que doutra forma non poderían facer esas tarefas e polo tanto atinxe aos veciños de Culleredo e a toda a sociedade e reitera que toca dirixir, traballar e organizar o vindeiro curso escolar que está aí á volta, dous meses.

De seguido solicita o uso da palabra o sr. Chouciño Garrido, quen, unha vez concedido dille ao sr. Prieto García que lle vai intentar aclarar o que lles dixo, que no relativo a que están en vísperas de eleccións o sr. Prieto García coñece perfectamente a traxectoria do BNG e o seu traballo e o seu esforzo e a súa presentación de iniciativas en todos e

cada un dos Plenos e di que insinuar que isto é unha cuestión electoralista ou oportunista o descalifica por si mesmo; que o BNG trae ao Pleno dúas cuestións que falan de Culleredo, que non entende por que o sr. Prieto García pensa que non e dille que o que non fan é repartir cheque restaurante para os sanitarios, que non se caracterizan por iso e que non entendeu a parte do discurso do concelleiro do PP onde fala de que o BNG era cómplice do goberno municipal no uso de fondos pero que se llo repite lle aclarará todo o que queira; que respecto á excelencia dos centros de Culleredo, ao BNG non lle cabe dúbida da profesionalidade dos funcionarios de educación de Culleredo; que con excepción do último centro que se abriu, o Vila de Rutis, onde non se fixo un esforzo para redistribuír as matrículas e que está por debaixo da súa capacidade, todos os demais sen excepción teñen exceso de liñas respecto á capacidade para a que están deseñados e ademais en cada un deles teñen en todas as aulas exceso de cabida para alumnado que lle pertence.

Volve pedir o uso da palabra o sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que van deixar o punto da Lei Montoro e que el sabe que o BNG se compromete con Culleredo pero que simplemente as mocións que traían as definan en Culleredo, que non fai falla usar a Xunta de Galicia como catapulta para vender o seu labor; di que os dous estaban na mesma reunión co delegado de educación para falar de todos os temas do Vila de Rutis e do resto de centros; que a sra. Pombo Carril ten toda a razón e que é o momento de xuntarse todos e como Culleredo falar este tipo de temas e lles pide que non use isto en campaña electoral e que se centren en defender a Culleredo.

Intervén de novo o sr. Chouciño Garrido que di que o BNG está a pedir a convocatoria do Consello Escolar de Culleredo e polo tanto é unha moción que fala de Culleredo; que é certo que estivo nunha reunión co Partido Popular e co delegado de educación para falar do traslado do bacharelato da Laboral e non lembra que a reunión se abría a moito máis, que lembra a actitude desa persoa que lle pareceu pouco aceptable cun comportamento que lle parece bastante fóra do que lle corresponde polo cargo.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG de data 19 de xuño de 202 , que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción que devén en acordo nos termos transcritos.

8.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA A RECOÑECIMENTO DO LABOR REALIZADA POLOS DIFERENTES COLECTIVOS FRONTE Á PANDEMIA DO COVID-19.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día da moción institucional de data 19 de xuño de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

A continuación a Sra. Secretaria Xeral, de orde da Presidencia, procede á lectura da moción, que transcrita di:

“MOCIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA AO RECOÑECIMENTO DO LABOR REALIZADA POLOS DIFERENTES COLECTIVOS FRONTE Á PANDEMIA DO COVID-19

Ante o remate da declaración do estado de alarma promulgado polo Goberno de España o pasado 14 de marzo, a través do Real Decreto 463/2020, para a xestión da situación de crise sanitaria producida no Estado como consecuencia da rápida extensión da pandemia provocada polo coronavirus e a volta á unha situación de estabilidade e normalidade no desenvolvemento das actividades sociais e económicas queremos facer un pronunciamento público para a cidadanía presentando ao Pleno do Concello esta Moción en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a declaración do estado de alarma promulgado polo Goberno de España o pasado 14 de marzo, a través do Real Decreto 463/2020, para a xestión da situación de crise sanitaria producida no estado como consecuencia da rápida extensión da pandemia provocada polo coronavirus os servizos municipais do Concello de Culleredo activaron e reforzaron todos os protocolos necesarios para protexer e facer fronte ás consecuencias derivadas desta anómala situación.

Esta rápida acción non só tivo lugar desde os servizos municipais senón que tivo unha pronta resposta desde numerosas institucións públicas, entidades do tercer sector, empresas, voluntariado e mesmo veciños e veciñas a título particular que se sumaron á actividade municipal dando exemplo de solidariedade, entrega e servizo á comunidade.

Ante esta situación sometemos á consideración do Pleno do Concello a seguinte MOCIÓN recoñecendo o labor realizada polos diferentes colectivos fronte á pandemia do COVID-19, propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

- 1.-Manifestar o agradecemento e recoñecemento do Concello de Culleredo polo labor desenvolvido e o esforzo profesional realizado polos diferentes servizos municipais, forzas e corpos de seguridade e Protección Civil durante o estado de alarma, protexendo, coidando e acompañando a todos os colectivos máis vulnerables.
- 2.- Manifestar o agradecemento e recoñecemento do Concello de Culleredo polo labor desenvolvido polos voluntarios e voluntarias, entidades sociais, empresarios, profesionais de todos os ámbitos, amosando unha solidariedade sen límite e unha disposición exemplar de axuda ao próximo nun momento de extraordinaria urxencia .
- 3.-Manifestar a solidariedade do Concello de Culleredo con todos e todas os afectados e afectadas pola crise derivada desta pandemia e as súas familias, tanto a nivel de saúde como a nivel social e económico, e poñer á súa disposición os recursos e medios necesarios ao alcalde municipal para continuar nese labor de protección e axuda con todos os colectivos máis vulnerables.
- 4.- Manifestar o agradecemento á cidadanía de Culleredo polo compromiso demostrado na loita contra a propagación do virus, realizando un esforzo inmenso a nivel persoal para cumprir coas normas e recomendacións estipuladas polas Autoridades Sanitarias durante todo o estado de alarma. A disciplina e responsabilidade social é clave para frear ao COVID-19 e a veciñanza de Culleredo actuou cunha exemplaridade admirable.”

C.I.F. P-1503100-H

Rematada a lectura, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción institucional de data 19 de xuño de 2020 , que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción que devén en acordo nos termos transcritos.

9.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Á ADOPCIÓN DE DISTINTAS MEDIDAS ECONÓMICAS CO OBXECTIVO DE QUE A RECUPERACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DEBIDA AO COVID-19 SE PRODUZA Á MAIOR BREVIDADE POSIBLE.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día da moción do grupo municipal Popular de data 18 de xuño de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, concédelle o uso da palabra á voceira do grupo municipal Popular, Sra. García Gorostizu, quen procede á lectura da moción, que literalmente di:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA ADOPCIÓN DE DISTINTAS MEDIDAS ECONÓMICAS CON EL OBJETIVO DE QUE LA RECUPERACIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL DEBIDA AL COVID-19 SE PRODUZCA A LA MAYOR BREVEDAD POSIBLE

EL Grupo Municipal Popular de Culleredo conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS

"Todas las administraciones debemos trabajar con la máxima lealtad y coordinación para implementar medidas que garanticen la seguridad y salud de los ciudadanos, así como también aquellas que contribuyan a minimizar el impacto económico y social derivado de esta crisis sanitaria.

Y en primer lugar, nosotros debemos velar porque nuestro concello, en función de nuestras disponibilidades presupuestarias y personales, y dado su carácter de administración más próxima al ciudadano, preste la mejor atención posible a los colectivos más vulnerables, así como a los sectores más castigados por esta pandemia, con el objetivo de que la recuperación económica y social se produzca a la mayor brevedad posible.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular del concello de Culleredo presenta la siguiente

PROPUESTA DE ACUERDOS

1. Reconocer y apoyar a todos los profesionales de la salud, de los servicios sociales, de seguridad pública y de los restantes servicios esenciales y a todos los voluntarios que están contribuyendo con su labor a minimizar los daños ocasionados por el COVID-19.
2. Elaborar un Plan Municipal de Promoción del pequeño comercio y dotarlo con una partida de 500.000 euros a cargo de los presupuestos del 2020 que pueda dedicarse a gasto corriente y de personal como dinamización del comercio local y para mantener el mayor número de puestos de trabajo.
3. Estudio de una rebaja de los impuestos municipales: IBI, IAE, IVTM, ICIO
4. Anular el cobro de los recibos de agua, alcantarillado, basuras a los establecimientos de hostelería, comercio o pymes durante el tiempo que estuvieron cerrados.
5. Bonificación del 100% de las tasas de las terrazas de hostelería.
6. Habilitar ayudas para el pago del alquiler de vivienda habitual.
7. Habilitar ayudas para el pago del alquiler de locales de autónomos y Pymes que no lo puedan abonar por problemas económicos.
8. Creación de un servicio para la gestión de ayudas del Estado y Autonómicas a autónomos y pymes.
9. Reforzar las partidas presupuestarias en materia de servicios sociales y promoción económica.
10. Aprobación de un Plan de Apoyo a las entidades sociales que trabajan con los colectivos económicamente más vulnerables.
11. Agilizar el pago de las certificaciones de obra o demás facturas pendientes, así como reducción de los tiempos medios de pago a proveedores especialmente autónomos y pymes.
12. Impulsar el inicio y la tramitación de los expedientes administrativos de contratación proyectados para este año y agilizar los procedimientos pendientes de adjudicación con el objetivo de reactivar la actividad económica y blindar el empleo."

Iniciada a quenda de intervención solicita o uso da palabra o sr. Mourelle Botana, quen, unha vez concedido, di que como xa dixo en anteriores intervencións se nota que están en campaña electoral e nesta moción en concreto desde Alternativa dos Veciños lles preocupan as necesidades de todos os veciños, o risco de vulnerabilidade das familias, dos autónomos, das pymes e por suposto, o risco de exclusión social e que desde a súa formación política sempre van apoiar todas as mocións que teñan que ver co benestar social de Culleredo e dos cullerenses e insiste en que o que teñen que facer é poñerse a traballar todos xuntos, tanto o equipo de goberno como a oposición e os funcionarios.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a sra. Pombo Carril quen di que non van apoiar a moción, entre outras cousas, porque a maioría dos asuntos que se piden xa se están a desenvolver e di que lles resulta chocante que pidan unha baixada de impostos cando no punto número 5 se opoñen a esa transferencia de fondos; que se non hai fondos é difícil rebaixar impostos e por iso lles parece un pouco incongruente a petición; di que practicamente todas as medidas que establecen nesta moción, as económicas que están pendentes dese informe de economía e facenda, se están a desenvolver e polo tanto entenden que non ten moito sentido a moción e por iso non a van apoiar.

Solicita o uso da palabra a sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido di que lle sorprende que votan en contra de medidas que levan na mocion pero que o goberno municipal está implementando.

Contesta a sra. Pombo Carril dicindo que se están implementando e que non ten sentido que o que xa expuxeron en todas as mocións se volva a pedir.

Pregunta a sra. García Gorostizu cales son as medidas que se están implementando.

Responde a sra. Pombo Carril e di que practicamente todas as medidas se están a facer e pon como exemplos a revisión dos impostos en base a un informe que xa había, a baixada das taxas, as axudas ou subvencións indirectas a través das bases da Deputación, o pago do aluguer das vivendas que se está a facer desde as axudas de emerxencias, as axudas aos autónomos a través das subvencións indirectas establecidas ou o incremento dos orzamentos en materia de servizos sociais.

Volve a solicitar o uso da palabra a sra. García Gorostizu e pregunta se entón están a estudar a bonificación dos impostos municipais.

Toma a palabra o sr. Alcalde e di que como estaba dicindo a súa compañeira a práctica totalidade dos puntos da moción son medidas que xa se están a facer por parte do equipo de goberno e dos servizos técnicos municipais; di que hai algúns matices a nivel técnico e iso non quere dicir que o equipo de goberno non estea de acordo con moitos dos puntos que recolle a moción pero a aprobación do conxunto da mesma implicaría pedir informes técnicos sobre todos eles e xa saben que algúns están en estudo e non son viables e este é o motivo de que, aínda que comparten gran parte do que se propón, o equipo de goberno non poida votar a favor do conxunto da proposta.

Intervén a sra. García Gorostizu para dicirlle ao sr. Alcalde que quere recordarlle que o ano pasado perderan as axudas dos obradoiros de emprego porque non eran concello emprendedor e para ser concello emprendedor un dos requisitos é a redución dos impostos e quere lembrarlle para que este ano non volva a pasar.

Responde o sr. Alcalde dicíndole a Sra. García Gorostizu que non se preocupe, que atenderon a esa e a outras peticións que se lles fixeron e di que a través dos servizos técnicos municipais se estuda como se pode proceder sen perder o poder adquisitivo que debe ter o concello para poder manter todos os servizos; que desde promoción económica se estudou esa posibilidade e cre que están en condicións de poder competir nese sentido; remata a súa intervención agradecendo o talante da moción.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PP de data 18 de xuño de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García,

Votos en contra: doce (12) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: seis (6) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

710	11/06/2020	Concesión a M.A.C.Q dunha axuda económica pago recibos electricidade ano 2020 e bono alimentos tipo C e hixiene tipo B.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25/06/2020
711	11/06/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento dos recibos auga 57,36 € 4º trim 2019, recibos luz 49,29 € do 1 de xaneiro ao 16 de abril de 2020 e recibos gas 66,81 € do 1 de xaneiro ao 13 de abril 2020 a M.A.M.	
712	11/06/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento de facturas correspondentes a bonos alimentos e hixiene de M.C.LV 82,57 € e máis.	
713	11/06/2020	Concesión a A.A.G dunha axuda económica pago hipoteca por importe de 1075 € correspondente aos meses de xaneiro a xullo 2020.	
714	12/06/2020	Convocatoria sesión extraordinaria da XGL o martes 16 de xuño de 2020 ás 13.30 horas.	
715	12/06/2020	Aprobación sinatura convenio entre Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Servizo Galego de Saúde e a Fegamp para a posta en marcha do programa para o control do COVID-19 nos efectivos da policía local	
716	12/06/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde dos pagos das facturas incluídas na relación O/2020/54 (EMALCSA 53,28 € e máis)	
717	12/06/2020	Ratificación das inscricións do Club Náutico Deportivo Ría do Burgo, Asociación Teatro Celeste e Club Xalo Offroad.	
718	12/06/2020	Exptes sancionadores de multas de tráfico . Expte 17144/2019.	
719	12/06/2020	Estimación recurso reposición e arquivo expte sancionadores de tráfico . Expte 7013/2019	
720	12/06/2020	Inicio expte sancionadores por presunta infracción á normativa en materia de tráfico (Expte 1703/2020 e máis)	
721	15/06/2020	Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición, recoñecemento de gastos e orde de pagos (Hebe Sport SL, 480,13 €)	
722	15/06/2020	Desestimación alegacións e imposición sanción expte. 16903/2019.	
723	15/06/2020	Concesión a N.F.V da renovación por caducidade da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
724	15/06/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde de pago das facturas incluídas na relación O/2020/55 (Inforhouse, SL 2371,60 €)	
725	15/06/2020	Aprobación devolución a M.E.C da cantidade indebidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 749,35 € máis 39,64 € en concepto de intereses de demora.	
726	16/06/2020	Concesión a A.S.C da ALTA e obtención do carné do CLUB+65	
727	16/06/2020	Aprobación do reembolso da cantidade ingresada polo concepto de imposto sobre obras e construcións por importe de 1203,18 € a A.F.V.C.	
728	16/06/2020	Levantamento do reparo formulado pola intervención municipal e orde de continuación coa tramitación do expte para contratación de profesor/a música.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25/06/2020
729	16/06/2020	Autorización e disposición do gasto correspondente ao pagamento das tarifas polo servizo de inspección técnica de vehículos prestado pola empresa Supervisión e Control SA por importe de 238,60 €	
730	16/06/2020	Aprobación do expte de xeración de crédito para financiamento do programa de subvencións dirixidas aos concellos da provincia da Coruña con menos de 50.000 habitantes para financiar gasto de persoal oficinas de turismo ano 2020 por 10612 €	

15.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal das seguintes resolucións de aceptación de cesións para o seu destino a viarios públicos:

Resolución número 618, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 101 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Vinxeira Grande, parroquia de Celas, formalizada en escritura pública outorgada o 25/06/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1103 do seu protocolo.

C.I.F. P-1503100-H

Resolución número 619, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 50,30 m2 para o seu destino a viario público na rúa San Xiao, parroquia de Almeiras, formalizada en escritura pública outorgada o 31/07/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1332 do seu protocolo.

Resolución número 620, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 58,60 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Ledoño, parroquia de Ledoño, formalizada en escritura pública outorgada o 07/06/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia Francisco Javier Pérez-Taberner Olivera, co número 662 do seu protocolo.

Resolución número 621, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 60 m2 para o seu destino a viario público na Rúa Vixía, parroquia de Culleredo, formalizada en escritura pública outorgada o 30/08/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1507 do seu protocolo.

Resolución número 622, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 29,08 m2 para o seu destino a viario público na Rúa San Xiao, parroquia de Almeiras, formalizada en escritura pública outorgada o 30/09/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia Francisco Javier Pérez-Taberner Olivera, co número 1189 do seu protocolo.

Resolución número 623, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 86 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Celas de Peiro, parroquia de Celas, formalizada en escritura pública outorgada o 10/02/2020 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 257 do seu protocolo.

Resolución número 624, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 63,84 m2 para o seu destino a viario público na Rúa Xesto, parroquia de Rutis, formalizada en escritura pública outorgada o 14/11/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 2072 do seu protocolo.

Resolución número 625, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 62,30 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Fornos, parroquia de Sueiro, formalizada en escritura pública outorgada o 19/08/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1422 do seu protocolo.

Resolución número 626, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 58,40 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Cornedo, parroquia de Sésamo, formalizada en escritura pública outorgada o 04/10/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia Raúl Muñoz Maestre, co número 4627 do seu protocolo.

Resolución número 627, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 69,57 m2 para o seu destino a viario público na Rúa Polvorín, parroquia de Culleredo, formalizada en escritura pública outorgada o 24/07/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia Rafael Benzo Sainz, co número 2095 do seu protocolo.

Resolución número 628, de data 02/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 27,20 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Souto, parroquia de Orro, formalizada en escritura pública outorgada o 10/06/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia Rafael Benzo Sainz, co número 1669 do seu protocolo.

Resolución número 668, de data 04/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 95 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Barrio, parroquia de Sueiro, formalizada en escritura pública outorgada o 27/09/2018 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia Victor-José Peón Rama, co número 1979 do seu protocolo.

Resolución número 679, de data 04/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 149,36 m2 para o seu destino a viario público na Rúa Cangas, parroquia de Sésamo, formalizada en escritura pública outorgada o 29/04/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia Rafael Benzo Sainz, co número 1208 do seu protocolo.

Resolución número 681, de data 04/06/2020, de aceptación da cesión dunha superficie de 96 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Folgueira, parroquia de Castelo, formalizada en escritura pública outorgada o 03/05/2019 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 754 do seu protocolo.

16.- MOCIÓNS URGENTES

A presidencia, ao amparo do establecido no art. 85.5 do ROM (BOP N° 162, do 16/07/2004), somete a debate e votación do Pleno a Moción presentada polos Grupos Municipais do PsdeG-PSOE, Alternativa dos Veciños e BNG de data 25 de xuño de 2020.

Deseguido somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación somete a debate e votación do Pleno a moción de data 25 de xuño de 2020, que transcrita literalmente di:

"MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PsdeG-PSOE, ALTERNATIVA DOS VECIÑOS E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO DE ALU IBÉRICA

Nove meses despois da venda de Alcoa ao fondo Parter Capital e cun compromiso asinado por escrito de investimento e mantemento do emprego durante alomenos dous anos, as plantas de A Coruña e Avilés amenceron o pasado día 15 de Abril coa nova de que Parter tiña vendido o 74,90% da empresa ao grupo industrial Riesgo.

A incertidume volve a pousar sobre o futuro de ALU IBÉRICA A Coruña ameazando non só os postos de traballo se non o escaso tecido industrial da comarca. A importancia da industria coma sector estratéxico para o desenvolvemento do País non pode permitir que unha e outra vez se arroxe a dúbida sobre a continuidade da fábrica de aluminio, que, como tal sector estratéxico, debера estar protexido e intervido pola administración pública.

Sen embargo, nesta tesitura que debера xerar enorme preocupación nas administracións, os traballadores padecen tamén a desidia das mesmas.

No caso do Ministerio de Industria non se ten feito un correcto seguimento dos acordos acadados na mesa de negociación e ante a revenda da empresa non se está a levar a cabo ningunha actuación para garantir o cumprimento dos mesmos.

No caso da Xunta de Galicia pese a ter afirmado a importancia da factoría noutras ocasións e ter competencias en materia de industria, nin sequera se ten posto en contacto co Comité de Empresa nin coa dirección da mesma para valorar a operación e esixir tanto a Parter como a Industrial Riesgo garantías de futuro e o cumprimento dos acordos marcados.

Ante esta situación, o PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO

ACORDA

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a actuar, no marco das súas competencias en materia de industria, mediando e esixindo garantías para o mantemento dos postos de traballo e investimentos acordados no mes de Xullo para Alcoa A Coruña, así como a viabilidade futura da factoría, demandando con carácter urxente unha auditoría sobre a venda de Parter Capital a Grupo Industrial Riesgo.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Central á intervención da factoría para garantir o futuro da mesma, así como a convocatoria urxente da mesa de seguimento dos acordos e a aprobación canto antes, dun "estatuto das electrointensivas" que ofrezca garantías para a estabilidade do prezo da enerxía adicado á industria."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o sr. Prieto García quen, unha vez concedido, manifesta que lle gustaría que todos entendesen a operativa que tivo lugar con Alcoa e tamén con Nissan; di que hai que remontarse ás decisións que toma o partido socialista e os socios do goberno a nivel europeo; que hai un punto no que se decide primar o medioambiente sobre determinadas industrias e di que esta é unha delas; que se trata de impulsar as enerxías renovables (aclara que o grupo popular non está en contra delas) pero que hai que ter claro que calquera decisión ten consecuencias e que ao impulsar as enerxías renovables, desincentiváronse as empresas que contaminaban e isto deu lugar posteriormente, coa Comisión Europea, a subastas enerxéticas e supón un aumento de custe enorme na enerxía; que no caso de Alcoa é unha industria eléctrica intensiva cuxo consumo supón un gasto enorme e que durante os tempos de Mariano Rajoy financiouse a nivel de subvencións e posteriormente co anterior goberno do PSOE quedou o tema no aire e co novo goberno PSOE e PODEMOS atópase nun clima de incerteza que non lle permitiu a Alcoa seguir para adiante a nivel empresarial e isto desemboca no peche da empresa, por motivos económicos derivados de políticas nacidas de man do PSOE a nivel europeo; que non se pode loitar en Europa polo tema medioambiente e a nivel España subvencionar este tipo de empresas, unha cousa ou a outra; que é verdade que os traballadores non teñen culpa ningunha disto e lle dan todo o seu apoio pero que sen embargo no punto segundo do acordo se pide a intervención da factoría e di que hai que ter moito coidado cos termos que se utilizan, preguntando se se están xustificando que no caso de Alcoa o goberno

interveña ben expropiando ou ben nacionalizando unha empresa de capital privado; di que por outra banda a mesa de Alcoa instou unha proposta de declaración institucional na Deputación e di que a eles lles gustaría que a que se aprobase no goberno municipal fose a mesma que a presentada na Deputación pero insiste en que non se pode instar ao goberno central á intervención dunha empresa privada, fundamentalmente porque rompe os principios constitucionais básicos da propiedade privada.

Solicita o uso da palabra o sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a súa intención non era intervir pero que ao escoitar a intervención do sr. Prieto García quere matizar algunhas cousas; di que respecto ao prezo da enerxía que se atopan nun país exportador de enerxía eléctrica, que exportan tanta enerxía que ademáis pagan por levala ao seu destino, é dicir, págase o mesmo prezo pola enerxía eléctrica en Galicia que noutro extremo como Barcelona, Alicante ou Cádiz con todos os puntos intermedios como é Madrid, principal detraedor da enerxía; di que se pode falar dunha política enerxética distinta que ten que contemplar esa condición de produtor e claro que as empresas eléctricas intensivas do país deberían ter unha tarifa eléctrica propia como xa o BNG ten defendido; que respecto ao tema da nacionalización o que están a facer países europeos como Alemaña ou Francia e que se están a nacionalizar aeroliñas xa non unha empresa básica como é a do aluminio e resulta que en España non se pode e aclara que o están facendo gobernos liberais e dille ao sr. Prieto García que lle parece bastante inoportuna a súa intervención.

Intervén o sr. alcalde, e di que pensa que as posturas están claras; que se falou cos traballadores que estaban de acordo coa moción e foron os que lla remitiron e di que se existe outra na Deputación pois será distinta á de Culleredo pero a esencia é a mesma e aclara que a súa intención non era entrar a debatir se o fai mellor o PSOE ou o PP ou quen o faga; di que a realidade é que os traballadores e traballadoras están nunha situación de incerteza; que esta comarca tamén foi prexudicada polo peche de calquera factoría e moito máis pola de Alcoa polo número de traballadores directos e indirectos que ten; que querían deixar ao marxe pertencer a un grupo político ou a outro e dille ao sr. Prieto García que tampouco vai coartar a liberdade de intervir neste punto e só quixo facer unha matización e parécelle unha mágoa que non o voten a favor.

A continuación solicita o uso da palabra a sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido di que o comité de empresa de Alu-Ibérica presentou no día da data esa nova moción na Deputación e que esa moción, que deixaría atrás a que se presentou no Concello hai uns días, si que a apoiarían solicitando que se cambie a presentada pola nova.

Contesta o sr. Alcalde dicindo que terían que vela e dille que calquera moción institucional que chega polos traballadores e traballadores a soen levar aos Plenos e di que eles teñen a que teñen que foi a que receptionaron e a que teñen nesa data.

Pregunta a sra. García Gorostizu se a queren ler.

Responde o sr. Alcalde que xa se presenta na Deputación e que alí están representados a través dos deputados e deputadas e aclara que teñen o máximo respecto pola moción que lles presentaron e que non moveron nin unha coma porque lles parecía o máis oportuno.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción dos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Alternativa dos Veciños e BNG de data 25 de xuño de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaioito (18) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: tres (3) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción que devén en acordo nos termos transcritos.

A continuación o sr. Alcalde di que o Grupo municipal do BNG a través da súa concelleira María Beatriz Pérez Mosquera achega unha moción coa intención de que sexa institucional,

Deseguido somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación somete a debate e votación do Pleno a moción de data 25 de xuño de 2020, que transcrita literalmente di:

"María Beatriz Pérez Mosquera, na súa cualidade de Concelleira do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN URXENTE

Hai xa 30 anos, a Organización Mundial da Saúde suprimiu finalmente a homosexualidade da súa listaxe de enfermidades mentais, feito co que pretendía acabar con case un século de homofobia médica e discriminación contra as persoas LGBTIQ+.

Porén, a pesar de que houbo avances en moitos lugares, a realidade para o colectivo LGBTIQ+ non mudou substancialmente na maioría dos estados e as persoas LGBTIQ+ seguen a padecer discriminación pola súa orientación sexual e/ou identidade de xénero.

Neste momento, cómpre poñer de relevo as consecuencias negativas do illamento derivado da situación de confinamento que vimos de vivir por mor da pandemia mundial da COVID 19. Moitas persoas LGTBIQ+ tiveron que voltar ás casas nas que padecían LGTBIQ+fobia familiar, quedaron alonxadas da súa rede de apoio habitual, ou se viron expostas a situacións de rexeitamento e mesmo violencia física ou verbal.

A situación de confinamento, polo seu compoñente de illamento social, e polas limitacións para acceder a servizos e recursos de apoio, leva aparelado un incremento do risco de aparición ou agravamento de problemas de saúde mental, que no caso do colectivo LGTBIQ+, vese aínda aumentado por estar exposto a situacións de discriminación, rexeitamento e/ou violencia.

Este ano, para dar cumprimento ás indicacións das autoridades sanitarias, non van poder ter lugar as marchas e manifestacións do Orgullo LGTBIQ+, cando menos de xeito en que se viñan desenvolvendo os últimos anos. Con máis razón é imperativo seguirmos a visibilizar os obstáculos e as discriminacións que continúan a asolar a vida das persoas LGTBIQ+, poñéndonos ao seu dispor, e contribuíndo a superaren, na medida do noso alcance, as consecuencias da LGTBIQ+fobia.

Resulta pois, máis urxente do que nunca aproveitar o mes do Orgullo, e concretamente o Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ que se celebra cada 28 de xuño, para reivindicarmos a necesidade de visibilidade das persoas LGTBIQ+ como parte integral da nosa sociedade e para demandarmos unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

A Corporación Municipal de Culleredo expresa o seu máximo rexeitamento a calquera forma de comportamento ou expresión asociado á homofobia e á transfobia, dúas formas de discriminación que non deben ter cabida nas nosas vilas e cidades, nin en ningún ámbito da nosa sociedade, por atentaren contra a convivencia, o respecto para a diferenza e a diversidade, piares básicos que deben sustentar calquera sociedade democrática e plural.

A Corporación Municipal de Culleredo reconece explícita e publicamente que os dereitos das persoas LGTBIQ+ son dereitos humanos e que a diversidade sexual debe contemplarse como un dereito básico en calquera ámbito da vida."

A continuación intervéñe o sr. Alcalde e di que agradece que se traia esta moción ao Pleno.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a moción, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción que devén en acordo nos termos transcritos.

17.- ROGOS E PREGUNTAS

C.I.F. P-1503100-H

A continuación a Presidencia pregunta aos asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer, solicitando o uso da palabra a concelleira do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que antes de facer o seu rogo quere saudar a todos os veciños e todas as veciñas que están vendo o pleno a través do streaming e indica que tivo que vir unha pandemia para que se fixera por streaming o pleno; que unha pandemia sempre supón unha oportunidade e parece que no Concello de Culleredo as oportunidades teñen que chegar a modo de golpes e non sabe como poñer o exemplo pero vai escoller poñelo como un coche e pide que se imaxinen se os coches da Policía Local, ou o todoterreo que hai por aí, ou todos os coches que ten o Concello de repente se converteran en coches a pedais e para perseguir a alguén houbera que ir nun coche a pedal, o que suporía que o Concello sería un concello irrisorio, facendo este paralelismo para dar a entender a situación telemática do Concello de Culleredo que non anda a pedais senón nunha situación moi anterior a eles, agradecendo aos funcionarios e funcionarias e demais traballadoras e traballadores o esforzo que fan para que ela mesma estea informada en tempo e forma e sexa notificada máis estanse a vulnerar os dereitos pois é imposible facer trámites telemáticos desde un ordenador e a estas alturas da película, no século XXI, non se lle pode dicir que conta cun sistema operativo que é máis adiantado que os que hai no Concello que sen ánimo de equivocarse, calcula serán do 2005 ou anos atrás como Internet explorer ou Mozilla, escoitando comentarios como que unha concelleira lle di que ela entra porque ten un ordenador desde fai moito tempo, sendo inexplicable porque hai programas de balde e a Deputación ten un programa que cede para facer este tipo de consultas telemáticas ou poder presentar no Rexistro; que o Concello non pode seguir como ata o de agora, e que se pida acabar coa fenda dixital cando o Concello conta con algo obsoleto como que a concelleira que está a falar non ten notificacións dos plenos por vía telemática porque non pode acceder desde o seu ordenador polo que fai o rogo de que non se ande con coches con pedais ou con hidroxel senxel e se faciliten os trámites telemáticos.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido di que ten bastantes cuestións, pois é o primeiro pleno ordinario en varios meses, que son as seguintes:

- O primeiro rogo é en relación a que varias persoas lles transmitiron as súas inquietudes en relación co recibo da auga pois aplazouse, cunha suspensión do cobro, e agora a xente pregunta que vai pasar cando

venza o segundo trimestre e se van chegar os dous recibos xuntos; que hai concellos que, cada un ao seu xeito, xa estableceron as formas de pagamento para evitar que chegaran os dous xuntos polo que pregunta se no Concello de Culleredo hai algún plan para facer eses cobros sen que se fagan os dous cargos simultáneos pois xa se falou sobradamente de que a crise sanitaria acarrea unha crise económica e hai moitos colectivos desfavorecidos aos que lles pode supoñer unha carga.

- A segunda cuestión é relativa ás baldosas do Paseo Marítimo pois xa se anunciou reiteradamente que se ían reparar e viuse que comezou a obra na zona onde hai un chiringuito e fíxose todo un pano corrido pero o Paseo ten moitas máis cousas, constándolle queixas presentadas no Rexistro de xente que caeu alí e cando os viandantes lles axudaban a levantarse lles dicían que iso era o pan de cada día, polo que pregunta cal é o plan e se se vai reparar todo o Paseo ou xa queda así.
- Como terceiro punto di que ten moitas queixas de veciños dalgunhas rúas en particular, como son a rúa Xesto, rúa Dereitos Humanos, rúa Pablo Iglesias, dicindo que o seu pavimento está moi deteriorado con socavóns que dificultan o tránsito normal, preguntando se ademais dos plans de renovación de rúas hai algún plan de mantemento para facer reparacións e evitar que unha zona se faga intransitable.
- Unha cuarta cuestión é en relación aos anuncios na prensa de actuacións dos concellos cos fondos Feder pois se di en pretérito, non en futuro, que o centro de Sésamo xa foi reformado, preguntándose a xente se é algo que se faría cando todos estaban confinados nas súas casas e non se enteraron pero cando van alí danse conta de que todo está como antes; que non sabe se foi o equipo de goberno o que lle deu á prensa esa información ou hai outro motivo de que se publicite esa información.
- A seguinte cuestión é relativa ao cambio no feirón pois a xente de Vilaboa está moi molesta e él considera que con toda a razón pois o feirón naceu cun obxectivo que é facer unha feira diferenciada das da contorna e soamente de produtos ecolóxicos, comezando no parque da igrexa de Vilaboa, onde estivo varios anos, e despois desprazouse a un feirón máis tradicional que foi Acea de Ama para finalmente ser trasladado polo equipo de goberno á zona do Burgo, solicitando se devolva ao seu sitio orixinal e se recupere a idea inicial de produtos ecolóxicos tal como demandan os veciños e veciñas e é unha forma diferencial e él pensa que a especialización é algo bo.
- Unha sexta cuestión sobre a que quere preguntar o BNG é respecto aos campamentos deportivos que hai todos os veráns organizados polos clubs deportivos pois parece que hai problemas para organizalos por parte dos ditos clubs polo que solicita información sobre cales son eses problemas e se non hai posibilidade de resolvelos desde a Corporación municipal.
- Outra cuestión é que quere facer un rogo, e que conste en acta, sobre a liquidación da chamada "A Garrocha", o clube de hípica dos Confurcos, recordando que había unha concesión administrativa que non se cobraba desde fai máis de dez anos, os vinte e catro millóns de canon, que xa está resolto e na resolución de aprobación do rescate da concesión había unha indicación do xefe de economía e facenda que dicía que no prazo dun mes tiña que estar feita a liquidación, polo que ademais de tomar posesión, que xa se fixo, haberá que entrar alí e ver todos os desperfectos que existen que xa se sabe que son bastante importantes, que foi dos materiais que había alí dentro e concretar o que lle hai que reclamar a esa persoa que tiña un depósito de cento vinte mil euros que non cubriu nin sequera o que debía monetareamente e que haberá que reclamarlle que pague o que lle falta e que non cubriu a garantía e todos os desperfectos que poden ser moitos centos de miles de euros; que non sabe se o equipo de goberno está pensando en deixar prescribir o tema porque este risco existe e pide que non o faga e que se diga cando se vai proceder con esta liquidación do rescate da concesión da Garrocha.

- A última cuestión que quere presentar é relativa ao orzamento pois quedaron anonadados cando na xunta de voceiros se lles di que o orzamento non vai incluído na orde do día desta sesión cando xa se ditaminara o día anterior pois, se non entende mal, ditaminar é dicir que xa está todo e darlle a bendición para incluílo na orde do día do pleno, aparecendo o equipo de goberno cun trámite de última hora, a finais do primeiro semestre do exercicio, cando debería estar aprobado xa o orzamento o 1 de xaneiro e espera que non lle digan agora que foi un imprevisto; que o trámite é unha modificación da RPT para creación dun posto que nada ten que ver coa cuestión do COVID polo que non se pode dicir que sexa un imprevisto, sendo unha excusa máis despois doutras, pois primeiro díxose que era cuestión dos fondos EDUSI, despois que se estaban preparando diversas cuestións relativas ás licitacións, a paralización dos prazos pola COVID e agora unha nova excusa, debendo valorar se é necesario recompoñer o equipo de goberno e, dirixíndose ao Sr. alcalde, di que pode pensar que non é culpa súa pero haberá responsables directos de que o orzamento non estea preparado a estas alturas ou de que non estea feita a liquidación sobre a que preguntou no punto anterior e que así non se pode botar tres anos máis.

A continuación intervéñen o Sr. Alcalde e di que respecto do orzamento hai un punto vinculante que é a modificación da RPT, que todavía está en prazo para que sexa sometido a informe da Secretaría municipal, e sen ese punto informado non se pode traer o orzamento a aprobación do Pleno; que o orzamento non vai sufrir ningunha variación e o documento que os concelleiros e as concelleiras da Corporación teñen no seu poder é o que vai ir ao seguinte Pleno pero a modificación puntual da RPT implica que deben ser tratados conxuntamente ambos os dous puntos.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que respecto da liquidación da Garrocha fará a consulta ao departamento correspondente para saber exactamente en que estado se atopa; que respecto aos campamentos deportivos, debido ao repunte que está habendo e dado que os campamentos se fan en instalacións deportivas e espazos públicos pediuse a todas as entidades deportivas que queiran facer campamentos unha pequena memoria de actuación para saber que se quere facer e como e poder axudar desde os servizos técnicos municipais para que todo se desenvolva coa seguridade sanitaria que todos queren; que algúns están a desistir e outros non pois tamén existe temor e incertidume na comunidade deportiva e no Concello pois todo isto da Covid por desgracia aínda non pasou.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que con respecto ao feirón de Vilaboa o cambio foi un cambio puntual e avalado por informes técnicos, estando el a favor e de acordo ao cen por cen de que o feirón se celebre en Vilaboa e vaise seguir celebrando en Vilaboa nas rúas Vicente Risco e avenida de Rutis cando menos mentres el sexa alcalde pero a situación excepcional invitaba a que había que facelo nese recinto pechado para poder cumprir todas as garantías como así manifestaron os técnicos encargados do feirón e a propia Policía local que tiña que controlar aforo, etc.; que se deu a tesitura de ou non celebralo, prexudicando a todos os que quixeran ir, ou celebralo nesas condicións por mor da situación que se está a vivir neste momento e escolleuse esta última opción.

Respecto do preguntado polo Sr. Chouciño Garrido en relación co centro de Sésamo, o Sr. Alcalde di que o equipo de goberno non enviou esa nota de prensa e que loxicamente se trata dun erro de quen a enviou e que posiblemente foi o Grupo de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos que pasaría unha relación de obras; que xa foi advertido o remitente de que non era correcto; que con respecto a reparacións de pavimentos estase traballando nun programa para poder facer un contrato de mantemento de viais en tema de fochancas, acondicionamentos, etc.; que en relación coas baldosas do Paseo a partida orzamentaria que había era a que había e que hai un mantemento bastante constante de baldosas pero nalgúns tramos as raíces das árbores provocan levantamentos aínda que esta situación que o sr. Chouciño Garrido comunica cada vez se dá menos.

Continúa a súa intervención o Sr. alcalde respondendo á pregunta do Sr. Chouciño Garrido sobre o recibo da auga e di que se vai poñer ao cobro e no propio recibo vaise ofrecer a posibilidade de pagalo nos prazos que necesiten acordos coa súa situación económica actual; que se van emitir os recibos e quen os queira pagar puntualmente o fará e aqueles que queiran aplazalo o terán que solicitar para individualmente ver cada situación e facilitar o pagamento aos veciños e veciñas en función das necesidades de cada quen.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo tamén traía como rogo preguntar que pasara cos presupostos pois lles sorprendeu moito o que pasou e tamén lles sorprendeu que na xunta de voceiros a concelleira de Urbanismo dixera que no segundo semestre se vai traer a aprobación o plan xeral.

Responde o Sr. alcalde e di que se está co plan xeral e que a intención desde o departamento de Urbanismo e desde a nova concelleira como unha das súas prioridades é poder aprobalo ao longo deste ano.

Intervén de novo a Sra. García Gorostizu e pregunta polo contrato do novo arquitecto que parece ser necesario para esa aprobación.

Responde o Sr. alcalde e di que xa hai un arquitecto municipal pero estando previsto a aprobación do Plan xeral se presume unha cantidade de traballo no departamento con grande demanda sobre todo de bolsa de solo industrial e construcións que se queren realizar que precisa axilizar a contratación de persoal que poida supervisar as licenzas e todo o traballo derivado da aprobación dun plan xeral.

C.I.F. P-1503100-H

Novamente intervén a Sra. García Gorostizu e pregunta se xa está calculado no ICIO todo o que se está previsto recaudar con toda a construción nova que se derivará da aprobación do Plan Xeral.

Responde o Sr. Alcalde e di que no proxecto do Plan xeral hai unha memoria onde se prevén ingresos que dependen de varios factores, desexando que se cumplan os máis optimistas.

A continuación a Sra. García Gorostizu pregunta pola obra da praza da igrexa de Vilaboa, que se valou fai unha semana pero aínda non se empezou, preguntando se vai ser como en Fonte da Balsa ou vai ir mellor.

Responde o Sr. alcalde dicindo que xa se fixo o replanteo.

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que só está valada a praza e pregunta se o prazo de execución conta desde que se vala o lugar ou desde que chega á zona unha máquina.

Responde o Sr. alcalde dicindo que o prazo comeza no momento en que se asina a acta do replanteo e que se está na situación na que se está.

A sra. García Gorostizu di que entón o prazo dos tres meses está a piques de acabar.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que ten varias preguntas e rogos que facer, pasando a relacionalos a continuación:

- En primeiro lugar di que ao seu grupo se lles fai excesivamente rara a delegación da área de Urbanismo na concelleira da Corporación señora Iglesias Becerra pois na derradeira comisión se lle preguntou sobre o Plan Xeral de Ordenación de Culleredo e non coñecía practicamente ningún aspecto sobre o mesmo polo que pregúntalle ao Sr. Alcalde se considera acertada esta decisión e que cualifica para o posto á dita concelleira pois tal como está a situación da área de facenda e contratación, sen redactar practicamente ningún contrato e pagando facturas de forma irregular según informa a Intervención municipal, parece excesivo dar máis responsabilidades a unha soa persoa.

- En segundo lugar fai unha pregunta, en relación co rogo feito polo Sr. Chouciño Garrido, de cando o equipo de goberno ten pensado actualizar a sede electrónica do Concello pois a pregunta é constante e a resposta sempre idéntica, que se está traballando no tema, dándose a circunstancia de que a concelleira de Administración Electrónica é tamén a concelleira de Facenda e agora tamén de Urbanismo, o que parece demasiado cargo xunto, preguntando se non hai máis persoas no grupo de goberno que poidan axudar.
- En terceiro lugar pregunta, en relación á situación vivida polo COVID e as necesidades e problemas que xerou nos veciños, se o equipo de goberno pensou nalgún momento en axustar os seus salarios, aumentados cuantiosamente tras conseguir a maioría absoluta, estando agora mesmo os concelleiros e concelleiras con dedicación absoluta en 3.000 euros ao mes, 2.000 euros os concelleiros e concelleiras con dedicación parcial e o Sr. alcalde 4.000 euros ao mes máis os 2.000 da Deputación, parecendo algo excesivo para non poder confiar nos concelleiros e concelleiras e ter que darlle todas as competencias a unha única concelleira, pero xa cada un coa súa conciencia.
- En cuarto lugar di que fai extensible unha pregunta dos veciños do Monte Alfeirán por problemas que levan existindo desde o ano 2005 con notas de prensa e escritos reiterados dalgún veciño no Concello, atopándose xudicializado o problema xa non por fincas privadas senón tamén por zonas comúns asegurando o Concello no seu día que se ía responsabilizar, preguntando se algún día o Concello pensa esixir aos veciños de fincas asalvaxadas que cumpran coa súa obriga.
- En quinto lugar pregunta polo parque de bombeiros da comarca, que se atopa en Arteixo, e xa sabe que é de toda a comarca pero o Sr. alcalde, cre que no 2015, asegurou que ía fomentar un parque de bombeiros propio no Concello de Culleredo, preguntando se se trataba dunha promesa electoralista que xa acabou ou se sigue mantendo a intención de instalar en Culleredo un parque de bombeiros.
- En sexto lugar di que os voluntarios de Protección Civil están desmotivados pola falta de recursos que existe e considera que, cun presuposto municipal de vinte e cinco millóns, poderíase tender un pouco máis a man a estes veciños que voluntariamente queren colaborar para mellorar a situación do Concello.
- En sétimo lugar ten unha pregunta para a concelleira Marta Iglesias sobre se conseguiu información sobre a situación na que se atopa o procedemento xudicial sobre o CLT sobre o que preguntaron na derradeira comisión, e nas de xaneiro e decembro pasado, continuando á espera dunha resposta.
- En oitavo lugar pregunta tamén polo inicio das obras de mellora en Fonte da Balsa, que se ían iniciar xusto antes das eleccións municipais, existindo un despregamento de medios e de persoal á zona, cun traspaso de materiais do que espera haxa contrato e se facturaran e pagaran as facturas con arranxo ás regras existentes.
- En noveno lugar di que en relación ás dacións de conta das resolucións da alcaldía pregunta pola resolución número 303, correspondente a unha adxudicación de obras a favor de IAM RUMBO ,S.L., razón social moi repetida ao mencionar os procedementos irregulares, preguntando se neste caso concreto existe expediente de contratación e se os membros da Corporación son conscientes deste tipo de situacións; que en relación coa resolución número 311, relativa á aprobación de indemnizacións polas xestións realizadas por José Ramón Rioboo Castro, pregunta pola cantidade desta indemnización que o propio Sr. alcalde resolve e recibe; que en relación coas facturas reparadas, das que non se deu traslado ao resto de grupos da corporación municipal e houbo que ir velas a Secretaría, debe terse en conta que a maioría de concelleiros e concelleiras da oposición traballan no ámbito privado e se lles podería facilitar o seu traballo enviando toda a documentación por correo electrónico sen ter necesidade de vir fisicamente á

Secretaría para consultala; que respecto á factura reparada con número de rexistro 2020/366 en concepto de dinamización de carpa de reis, animación, encendido de luces, que vai por outra empresa paralela, por importe de 18.000 euros, parécelle excesivo o importe e pregunta se existe expediente de contratación para esta factura; que en relación coa factura F2020/1287, de Sande Desarrollos Urbanos, SC, se se colle toda a lista da páxina 21 á 33 son todo contratos de obra que superan o límite legal do artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público.

En relación coas facturas refire tamén as facturas F/2020 1070, 1071, 1696, 1697, que corresponden á empresa A0 Maiores Servicios Sociales, SL e entende que si son servicios que debe prestar o Concello en materia de servicios sociales pero isto non indica que se deban prestar de maneira irregular, falando de case 200.000 euros con reparo de intervención; que hai un informe do ano anterior de reparos de intervención pola cantidade de case nove millóns de euros en facturas irregulares non sabendo a canto ascenderá este ano e que como se está sen presuposto fan o que lles dá a gana pero pregunta se son conscientes de que a lei obriga a que todo procedemento de contratación de obra de máis de 40.000 euros debe facerse polo procedemento habitual e máis de 15.000 euros en subministros e servicios, non podendo recurrirse a libre albedrío aos contratos menores e menos disolver partidas de contratación e se se contrata para facer a renovación do Salón de Plenos se aplique unha partida para as mesas, outra para as luces e outra para as ventás pois é un procedemento irregular moi grave.

- Por último ten un rogo relativo aos múltiples escritos que instou o grupo político Popular para a reparación de estradas, viais, etc., estando as rúas das zonas urbanas que dan pena, sen falar xa do rural, de Celas, de Orro, de Sésamo, invitando ao Sr alcalde a saír en dirección ao polideportivo de Tarrío e xirar cara a rúa da Reixa, solicitándolle ao goberno municipal que se poña a cumprir coas mínimas obrigas e se precisa axuda para localizar calquera deficiencia pode contar tanto coa oposición como cos veciños que están chegando a un punto de saturación que non dá para máis.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que vai contestar por escrito a todas as súas preguntas.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dezaséis horas e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)